

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2021**

Ás 10.00 horas do día 29 de outubro de 2021, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

**Deputado de Democracia Ourenzana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Deputado non adscrito:** D. José Miguel Caride Domínguez

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver videoacta](#)

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondentes á ordinaria do 24 de setembro de 2021.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do 24 de setembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

### **2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A PROBLEMÁTICA DO FERROCARRIL NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente dá conta da declaración institucional, e a Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar a seguinte declaración institucional da Corporación Provincial de Ourense:

O SFF-CGT ten desenvolvido de forma continua xa dende antes da entrada en vigor da Lei do sector ferroviario no ano 2005, unha campaña permanente a favor dun ferrocarril público de privatización de RENFE e ADIF. A política efectuada no ámbito do ferrocarril polas direccións de ambas empresas vai encamiñada cara á redución constante de persoal, ao peche de estacións e ao desmantelamento do servizo público de transporte por ferrocarril, con efectos tan nocivos para a sociedade como o encarecemento dos títulos de transporte, aumento da sinistralidade, clausura de liñas ....

Dende o SFF-CGT Ourense levan reclamando o restablecemento do servizo público de transporte de viaxeiros por ferrocarril que ofrece *Renfe Viajeros-SP Galicia*, dende a extinción do estado de alarma, o 9 de maio de 2021. Estes trens, que a día de hoxe a Renfe segue sen repoñer, están enmarcados nas obrigas de servizo público que responden á necesidade económica e social de facilitar a mobilidade das persoas residentes nos territorios segmentados. E estas deberanse establecer para garantir que os servizos se cumpran con requisitos de continuidade, regularidade, capacidade e prezos que as empresas non asumirían se unicamente tivesen en conta o seu interese comercial.

As Obrigas de Servizo Público dan cobertura ao ferrocarril de proximidade. No caso ourensán, servizo de Media Distancia. Servizo destinado a artellar o territorio a nivel provincial e tamén autonómico.

A Corporación Provincial de Ourense amosa a súa preocupación polo estado actual do ferrocarril público e social, e as negativas repercusións para os cidadáns principalmente do rural da provincia, mais tamén para a capital.

Ben é certo que a proximidade da apertura da liña de Alta Velocidade entre Madrid e Ourense, a chegada do AVE e demais servizos comerciais de longo percorrido, pode ser interpretado como un pulo de investimento ferroviario na provincia. Mais a realidade é que, ao mesmo tempo, as empresas ferroviarias aproveitan para desmantelar o servizo público de ferrocarril que utiliza o 90% dos cidadáns da provincia cando usan o tren.

No mes de xuño de 2013 denunciouse a supresión do servizo ferroviario de Media Distancia entre Ourense e Puebla de Sanabria, esquecendo así as necesidades dos veciños das comarcas de Allariz-Maceda, A Limia, Verín e Viana. E a partir de entón ata hoxe o peche paulatino de cada unha das estacións e puntos de parada da provincia e o fin da venda presencial, afectando as estacións de A Gudiña, O Carballiño, Ribadavia, A Rúa e O Bardo de Valdeorras, entre outras, e quedando Ourense – Empalme como única estación con persoal na provincia. Ourense lidera a liga dos maltratados pola empresa pública RENFE sendo a provincia máis afectada de Galiza.

Nos últimos meses acrecentaron os recortes e o ritmo de desmantelamento.

**Comarca do Carballiño:** só se manteñen dous tres regulares ao día dos 6 que había previamente á pandemia. Ademais o servizo é inoperante para os veciños da comarca do Arenteiro por horario, e porque é de ida e volta a Ourense, polo que os residentes do Carballiño non poden retornar por ferrocarril ata o día seguinte.

**Comarca do Ribeiro:** só manteñen un servizo inoperante polo horario para os seus veciños.

**Comarca de Valdeorras:** de cinco combinacións de ida e volta só queda un de longo percorrido e un rexional sen continuidade para Vigo.

**Comarca de Ourense:** supresión do Avant das 6.45 horas da mañá con destino a Santiago e A Coruña, demandado por estudantes e traballadores.

A cidadanía de Ourense tamén é a máis afectada, ao ter que pagar máis caro o servizo de Media Distancia-Avant que o resto de Galiza.

Supresión das paradas comerciais na estación de Ourense-San Francisco.

Entendemos que os servizos de longo percorrido non deben medrar a costa do ferrocarril de proximidade, senón que se deben complementar tecendo unha rede ferroviaria densa que cubra as necesidades da maior parte da poboación posible.

Porén, detectamos un abandono da provincia e da capital xa que a pesar de que nuns meses previsiblemente estaremos ultraconectados coa capital do estado, os cidadáns da provincia non contan cun servizo continuo e regular que os comunique ben entre comarcas, ben coa capital provincial, ben con outras capitais e vilas do territorio galego.

E cremos que no ano 2021, declarado como Ano Europeo do Transporte Ferroviario, e coas miras postas no futuro, a provincia de Ourense non debe permitir que se baleire dos seus servizos ferroviarios.

Como apuntamento, lembramos que a perda de servizos para os cidadáns tamén supón unha importante perda de postos de traballo directos e de calidade que axudan a fixar poboación nas comarcas rurais da provincia.

Por todo o exposto, a Corporación Provincial reivindica:

O compromiso institucional pola defensa do ferrocarril de proximidade, público e social na provincia de Ourense.

O restablecemento inmediato dos servizos ferroviarios públicos de Media Distancia previos ás medidas adoptadas por mor do estado de alarma superado en maio de 2021.

O restablecemento dos trens transversais Galiza-Euskadi e Galicia-Cataluña, imprescindibles para as comarcas orientais de Ourense.

Implementación de novos servizos de proximidade que enlacen coa Alta Velocidade e demais servizos comerciais de longo percorrido, para tecer unha rede eficiente de comunicación ferroviaria entre as bisbarras e núcleos de poboación da provincia co resto da comunidade autónoma e estado.

A dotación da infraestrutura e recursos humanos necesaria para ofertar un servizo público digno e de calidade aos cidadáns da provincia, coa reapertura de estacións e dispensadores de billetes con veda e atención ao público presencial, e persoal de abordo de condución e intervención.

Harmonización das tarifas dos Servizos Públicos de Media Distancia-Avant co resto da Comunidade Autónoma.

Investimento para o mantemento regular e mellora das liñas de ancho convencional que percorren a provincia para unha circulación segura e eficiente dos nosos trens.

Ourense e a súa provincia forman parte dun importante e antigo nó ferroviario da Red Ferroviaria de Interés General (REFIG) e cunha importante e extensa infraestrutura que debe ser aproveitada e explotada a prol dos veciños.

Negámonos a finalmente ficar como estación de paso e apoiamos promover, aproveitar e explotar estes recursos de acordo cos tempos e atendendo ás recomendacións sobre emerxencia climática ou despoboamento rural.

### **3º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN DEFENSA DO FERROCARRIL PÚBLICO E SOCIAL.**

O Sr. presidente dá conta da declaración institucional, e a Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar a seguinte declaración institucional da Corporación Provincial de Ourense:

Os servizos públicos son a ferramenta clave na construción de sociedades igualitarias, con igualdade de oportunidades salvando diferenzas económicas, sociais ou territoriais. Par esta razón non podemos permitírnos permanecer como simples testemuñas do último suspiro de vida do ferrocarril como servizo público.

O ferrocarril tal e como o coñecemos ata agora, sempre foi o enlace entre o rural e grandes núcleos de poboación o medio de transporte de referencia para a clase traballadora, e a mellor opción e máis económica no transporte de mercadorías. As estacións son punto de unión para a sociedade e lugar de referencia en cidades e vilas.

Dentro da rede ferroviaria estatal, Ourense foi historicamente un importante nó ferroviario, no que conflúen varias liñas que comunican Galiza co resto do estado, e tamén bifurcan cara todo o territorio galego. As liñas que atravesan a provincia son a vía de entrada e saída de

viaxeiros e mercadorías polo norte peninsular e tamén, hoxe máis que nunca, da capital e resto do estado.

Pero ademais e non menos importante. son o medio de comunicación de boa parte das principais vilas e centros comarcais da provincia coa súa capital nu entre si mesmas.

Actualmente asistimos a un desmantelamento progresivo do sector ferroviario como servizo público por parte das empresas públicas do estado dependentes directas da secretaria de transportes do MITMA E se este dato é xenérico por afectar a todo o sector a nivel estatal na provincia de Ourense evidénciase no peche de estacións, diminución de circulacións, mingua de persoal. desvío de cargas de traballo nos talleres de fabricación y mantemento, externalización de obra e mantemento da infraestrutura ferroviaria.

A situación do sector ferroviario e do ferrocarril como servizo público en Ourense é altamente crítica. Estase a ver ameazado coa súa desaparición para poñelo en mans privadas.

A empresa pública centrada no negocio da Larga Distancia (AVE) esquecendo a mobilidade entre vilas e grandes cidades. emprega os fondos públicos para privatizar os servizos mediante contratacións de empresas privadas: Os cartos de todos pasan a dous ou tres. Esta política de licitacións ou privatizacións encubertas dos servizos ferroviarios. deixa tras de si efectos negativos palpables.

. As empresas multiservizos adxudicatarias non contan entre os seus traballadores con persoal con experiencia e formación nun sector tan especializado como o ferroviario, resultando na practica a desprofesionalización dos postos de traballo, e a precarización laboral deses mesmos pastos e dos traballadores, Atopándonos a día de hoxe na estación de Ourense a traballadores de primeira e de segunda desempeñando idénticas tarefas,

. O servizo público de media distancia na provincia foi practicamente desmantelado debido á mala xestión ou intencionalidade de abondo por parte das empresas públicas ferroviarias. eliminando circulacións. e programando outras de xeito que fosen totalmente inoperantes e carentes de funcionalidade para a poboación da provincia. A consecuencia directa destas decisións foi o abandono do ferrocarril de media distancia como medio de transporte para boa parte da cidadanía ourensá. Hoxe axudadas pola pandemia, só quedan circulacións residuais creando o escenario perfecto para xustificar a mingua de reposición de persoal, imposibilitando a reposición de circulacións, e ao mesmo tempo culpabilizando paradoxalmente á cidadanía como non demandante de servizos ferroviarios,

. Na provincia de Ourense xa só queda como estación aberta e con persoal para venda de billetes e atención ao viaxeiro cun precaria número de traballadores a propia Ourense-Empalme. Nos últimos anos foron paulatinamente desabastecendo de persoal estacións como O Barco de Valdearras, A Rúa-Petin, Ribadavia, O Carballiño, Ourense-San Francisco ou A Gudiña, deixando aos veciños desprovistos de servizos, Somas a única provincia de Galiza con só unha estación aberta.

. Os talleres de Renfe en Ourense. foron ata agora un enclave estratéxico e de referencia dentro da rede estatal do ferrocarril, cun importante número de traballadores. sendo un dos motores económicos da cidade de Ourense. A redución de persoal tamén afecta ao mantemento do material ferroviario, altamente avellentado.

. A infraestrutura, mantemento das vías ferroviarias, tamén se esta vendo afectado por este tipo de xestión do publico. recortándolles funcións aos traballadores da empresa pública, que son o único persoal especializado e con experiencia suficiente para abordar estes traballos, relacionados directamente coa seguridade na circulación.

Con esta exposición da realidade do servizo público ferroviario na provincia de Ourense, os representantes políticos da Deputación Provincial de Ourense, piden reverter o antes posible esta situación, Que traballen a prol de recuperar o ferrocarril como servizo público e de calidade para a cidadanía da nosa provincial Ourense.

Hai que lembrar tamén que 2021 é o Ano do Ferrocarril a nivel Europeo, e en España estamos a desmantelala e non só se privatiza un sector importante a nivel estratéxico e laboral, senón un servizo público e social clave para toda a cidadanía, e en especial para Ourense e toda a súa poboación rural, que se ven ameazadas polo despoboamento debido á falta de servizos.

#### **4º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES Á MODIFICACIÓN DA RPT APROBADA NO PLENO DO 30 DE XULLO DE 2021, E APROBACIÓN DEFINITIVA.-**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para indicar que o sentido do seu grupo neste asunto será o da abstención ao tratarse dun asunto eminentemente técnico.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e da/do deputada/o non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Desestimar integramente as alegacións presentadas por dona Gloria Ceballos Carrera e por dona Concepción Rey Fernández, como presidenta provincial da Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF), polos motivos expostos no informe do vicesecretario xeral da Deputación, que di o seguinte:

**“INFORME**

**PRIMEIRO.-** *A lexislación aplicable vén recollida basicamente por:*

- *Constitución Española de 1978, (BOE núm. 311 de 29/12/1978).*
- *A Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (BOE núm. 80 de 03/04/1985).*
- *O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (BOE núm. 96 de 22/04/1986).*
- *A Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149 de 05/08/1997 e BOE núm. 237 de 03/10/1997).*
  - *O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261 de 31/10/2015).*
  - *A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia ((DOG núm. 82 de 04/05/2015 y BOE núm. 123 de 23/05/2015).*
  - *A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 de 2 Outubro 2015).*
  - *A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (BOE núm. 236 de 2 Outubro 2015).*
  - *O RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), (BOE núm. 305, de 22 de Decembro de 1986).*
  - *O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (BOE núm. 59 de 09 de Marzo de 2004).*

- *O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime dlas retribucións dos Funcionarios de Administración Local (BOE núm. 106 de 03 de MaIo de 1986).*
- *A relación de postos de traballo da Deputación Provincial de Ourense, publicada no BOP nº 292, do 22 de decembro de 2018.*

**SEGUNDO.-** *Preséntanse os escritos de alegacións por parte de dona Gloria Ceballos Carrera e dona Concepción Rey Fernández, Presidenta Provincial de la Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF), en tempo e forma, xa que achegan o seus escritos con data 07.09.2021 e 08.09.2021 respectivamente. Os recursos interpóñense contra o acordo do Pleno da Corporación de data 30.07.2021, no que se acordou aprobar inicialmente as modificacións na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense, mediante a corrección de erros, dos requisitos para o desempeño dos postos de asesoría xurídica. Dito acordo foi obxecto de publicación no boletín oficial da provincia do Ourense, número 183 de data 11.08.2021, someténdose ao trámite de información pública por un prazo de vinte días hábiles.*

*Polo tanto os escritos de alegacións achégase dentro do prazo de información pública establecido de vinte días hábiles, contados dende a súa publicación no boletín oficial da provincia do Ourense, número 183 de data 11.08.2021.*

*As interesadas, dona Gloria Ceballos Carrera e dona Concepción Rey Fernández, cabe consideralas lexitimadas para a interposición das alegacións. No caso de dona Gloria Ceballos, presta actualmente servizos como funcionaria en comisión de servizos no posto de asesor/a xurídico/a. No caso de dona Concepción Rey Fernández, Presidenta Provincial de la Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF), como sindicato representativo dos traballadores desta Deputación Provincial.*

**TERCEIRO.-** *As alegacións interpostas contra a aprobación inicial das modificacións na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense, mediante a corrección de erros, dos requisitos para o desempeño dos postos de Asesoría Xurídica polo Pleno da Corporación do 30.07.2021, son case idénticas, e utilizan os mesmos argumentos, coincidindo en case todos os parágrafos, fundamentos e argumentos. Ambos escritos só se diferencian nas últimas dez liñas da alegación presentada polo CSIF, que inclúen unha cita xurisprudencial máis ampla que a achegada por dona Gloria Ceballos, e no obxecto da solicitude. Neste caso CSIF solicita:*

*“Que se tenga por presentada la presente alegación y previo a los trámites legales que correspondan se decrete la NULIDAD de la aprobación inicial de la modificación de la RPT con todos los efectos favorables inherentes”.*

*E o escrito de alegacións de dona Gloria Ceballos Carrera solicita:*

*“Se acepte la presente alegación y en consecuencia se resuelva no modificar el puesto de ASESOR/A JURÍDICO/A con el código de la RPT AX.34.003. en los términos recogidos en la sesión de 30/07/2021, por el que la corporación provincial, acordó aprobar inicialmente las*

*modificaciones en la Relación de Puestos de Trabajo (RPT) vigente de la Diputación Provincial de Ourense, mediante corrección de errores”.*

**CUARTO.- Análise das alegacións.**

*1.- En primeiro lugar destacan os alegantes, a interpretación que debe darse a figura da corrección de erros materiais. Sosteenen que engadir a titulación requirida, grao en Dereito ou equivalente, nos postos de xefe/a do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, subdirector/a Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, e os dous asesor/a xurídico/a, excede do que ampara o artigo 109 da Lei 39/2015, sobre a corrección de erros.*

*Sen embargo, hai que destacar que a tramitación realizada por esta Deputación Provincial, é a da modificación da RPT, corrixindo erros na mesma, é por tanto esta tramitación realizada é a propia de calquera modificación que se produza na RPT. E dicir, a modificación foi obxecto de negociación, informe ou estudo na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Ourense celebrada o día 02.07.2021. O asunto foi obxecto de ditame na correspondente comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial, e finalmente foi obxecto de aprobación inicial polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 30.07.2021. E publicouse edicto de exposición pública no BOP de Ourense número 183, de data 11.08.2021.*

*E dicir toda a tramitación realizada por esta Deputación, é a que está prevista para calquera modificación ou aprobación dunha RPT no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Tan só se indica que o que procede é corrixir un erro, a falla da titulación de grao en dereito ou equivalente, de diversos postos de traballo do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, por ser necesario para o desenvolvemento das súas funcións.*

*Argumentan tamén os alegantes que na RPT de 2017, a anterior a vixente, existían dous postos de asesores/as xurídicos/as que estaban na área de Medio Ambiente e no servizo de Vías e Obras, e non no gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, en non realizaban labores de asistencia xurídica nos xulgados.*

*Sen embargo esquecen os alegantes que ambos postos eran desempeñados por licenciados en dereito, e na RPT de 2018, a vixente na actualidade, modificáronse ditos postos, e adscribíronse precisamente ao gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, trasladándoos dende a área de Medio Ambiente e da de Vías e Obras. E dita modificación da RPT foi obxecto de negociación na Mesa Xeral co voto favorable do sindicato alegante CSIF.*

*Así no anexo I (Memoria xustificativa e descritiva) da vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense publicada no BOP nº 292, do 22 de decembro de 2018, na páxina 11, indícase:*

*“2) Adscribenselle ao Gabinete de Asesoría Xurídica os postos de asesor/a xurídico/a da Área de Medio Ambiente e do Servizo de Vías e Obras, ademais dun posto de técnico/a asesor de Presidencia, coa idea de centralizar no Gabinete os servizos de asesoramento xurídico”.*

*Pódese observarse que o que se centraliza son os servizos de asesoramento xurídico. Non se cita o asesoramento, nin de vías e obras, nin de medio ambiente u outro. Adscribíense precisamente ao Gabinete de Asesoría Xurídica ditos postos, debido as necesidades da Administración Provincial, nun claro exercicio da potestade de autoorganización das entidades locais, co ánimo de evitar que esta Administración teña que acudir a externalización do asesoramento xurídico, cun claro incremento do gasto público que elo supón, como ocorre na actualidade, precisamente pola falla de licenciados en dereito que realicen dita actividade, e tamén co fin de evitar crear postos baleiros de contido. E dicir, a RPT non pode concibirse como un instrumento fixo e inamovible que ampare situacións subxectivas e individualizadas, senón que debe responder aos intereses xerais que toda administración pública debe defender para a prestación dos servizos públicos.*

*Non óbstante, cabe sinalar que resulta ostensible, manifesto e indiscutible, a existencia da titulación engadida de, grao en Dereito ou equivalente, nos postos de xefe/a do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, subdirector/a Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios e os dous asesor/a xurídico/a, xa que na vixente Relación de Postos de Traballo no Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, (páxina 20 do documento publicado no BOP nº 292, do 22 de decembro de 2018), figuran as seguintes funcións:*

*“7) Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios:*

*O Gabinete de Asesoría Xurídica correspóndenlle as seguintes funcións:*

- Defensa xudicial e administrativa da Deputación Provincial.*
- Defensa xudicial e administrativa dos concellos e entidades locais da provincia, de conformidade coa normativa reguladora do servizo de asistencia xurídica a entidades locais.*
- Asesoramento xurídico - administrativo dos órganos da Deputación Provincial.*
- Asesoramento xurídico - administrativo dos concellos e entidades locais da provincia, de conformidade coa normativa reguladora do servizo de asistencia xurídica a entidades locais.*
- Asistencia ás entidades locais da provincia para a garantía do exercicio das funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional.*
- Asistencia técnica a municipios en materia urbanística”.*

*É evidente que o Gabinete se cingue a:*

- Por unha banda, funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, que se prestan a municipios da provincia.*
- Por outro, asesoramento xurídico-administrativo e xudicial tanto á Deputación Provincial como ás entidades locais da provincia.*
- Complementábase coa asistencia técnica por Arquitectos unicamente en materia urbanística.*

*Por tanto, as funcións do Gabinete son as propias de habilitados nacionais e as de asesoramento xurídico.*

*A motivación exposta incide na clara necesidade de que os postos obxecto de modificación fosen de carácter xurídico, algo evidente non só pola denominación do Departamento no que se sitúan, coas funcións antes sinaladas, así como pola finalidade dos postos en canto á asistencia e asesoramento xurídico a Deputación e ás entidades locais provinciais, senón especialmente pola súa propia denominación.*

*A carencia de expresa previsión de licenciatura en Dereito no apartado de requisitos especiais, non só neste posto senón en todos os do Gabinete, é un erro da RPT como o confirma o feito de que existe igual omisión en postos con funcións que só poden desempeñar licenciados en Dereito como o é o posto de Letrado/a – Asesor/a Xurídico (con función de defensa letrada). Por tanto, non foi unha decisión baseada na potestade de autoorganización, senón unha carencia, omisión ou erro da RPT.*

*Apreciado este feito, procédese a rectificar o erro por medio dunha modificación da RPT, cumprimentando o devandito apartado.*

*Polo tanto, a propia RPT reconece que entre as funcións do gabinete de asesoría xurídica e asistencia a municipios, están a de defensa xudicial e administrativa da Deputación Provincial e dos concellos e entidades locais da provincia, e sen embargo non é obxecto de discusión a existencia de grao en dereito do xefe/a do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, nin do subdirector/a Asesoría Xurídica.*

*Pola súa banda a Ordenanza provincial reguladora do servizo de asistencia a entidades locais, publicada no BOP nº 37, do 14.02.2008, respecto ao servizo de asistencia xurídica as entidades locais que presta, indica no capítulo 2, artigo 8, apartado b):*

*“A defensa dos concellos e entidades locais nos procedementos administrativos e xurídicos que sexan parte. A defensa estenderase aos recursos contencioso-administrativos e laborais, sen prexuízo da súa ampliación á xurisdición civil, en canto sexa posible, a vista das dispoñibilidades e recursos humanos da Deputación”.*

*Esta existencia de licenciatura en dereito nos postos de asesoría xurídica e de letrados, non é algo exclusivo que realice esta administración provincial. Na propia Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na súa Disposición adicional oitava, referida as escalas e especialidades dos corpos de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, exige, no corpo superior, respecto dos letrados como requisito de titulación a licenciatura en dereito. E na escala xurídica de inspección urbanística, exige tamén como requisito de titulación tamén, a licenciatura en dereito ou titulación equivalente.*

*Tamén noutras entidades locais se exige a licenciatura en dereito para postos de asesor/a xurídico/a como funcionarios de carreira dentro da escala de administración xeral. Así aparece no BOAM (Boletín oficial del Ayuntamiento de Madrid, número 7921, de data 07.06.2017), no que se convoca unha praza de técnico de Administración Xeral, rama xurídica, exixindo exclusivamente a titulación de grao ou licenciado en dereito ou en Ciencias Políticas e da Administración. O máis recentemente no Boletín Oficial da Provincia de Cádiz, número 125 de 02.07.2021, páxina 23, no que se publican as bases e anexo de dúas prazas de asesor xurídico, funcionario de carreira, de administración xeral, do Concello de La Línea de la Concepción, que exixen como único requisito de titulación, estar en posesión do título de licenciado ou grao en dereito. O mesmo ocorre no Concello de Corbera de Llobregat (Barcelona), que convocou unha bolsa de traballo de asesor xurídico, técnico de administración xeral, publicada no BOP de Barcelona, de data 29-07-2021, exixindo o título de grao ou licenciado en dereito. No Boletín Oficial da Provincia de Málaga número 153 do*

08.08.2018, tamén publicanse na páxina 70, as bases dunha praza de asesor xurídico, funcionario de carreira de administración xeral, do Concello de Villanueva del Rosario, no que se exige tamén, como única titulación, estar en posesión do título de licenciado en dereito.

Outros supostos no que se exige o título de grao ou licenciatura exclusivamente en dereito, figuran nas convocatorias da Deputación de Segovia, unha praza de técnico xurídico de servizos sociais (BOP de Segovia número 73, de 18.06.2018); técnico superior universitario, rama xurídica, no concello de Móstoles, publicada no Boletín Oficial da Comunidade de Madrid, número 122 de 24.05.2017; no Boletín Oficial da Provincia de Jaén número 119, de 24.06.2021, publicanse as bases dunha praza de asesor xurídico (neste suposto como laboral) no que se exige como requisito de titulación o grao en dereito ou equivalente.

Debemos recordar que a Relación de postos de traballo (RPT) é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas. A través da relación de postos de traballo, as administracións públicas estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a selección e provisión dos mesmos, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal en orde a facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos. Supón, en definitiva, un exercicio da Administración Pública da súa autonomía e autogoberno na organización efectiva dos seus recursos humanos.

Para a prestación dos servizos públicos, a RPT debe responder tanto ás necesidades actuais como as reais, da Administración, neste caso da Deputación Provincial.

Hai que recordar que o artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) establece a mencionada potestade de autoorganización das entidades locais.

O Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, (TRLEBEP) que aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público, indica no seu artigo 72 que:

«No marco das súas competencias de autoorganización, as administracións públicas estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións e conforme co previsto neste capítulo».

Tal e como reconece o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, as Administracións Públicas ostentan a potestade de autoorganización, sendo aquela que permite a cada Administración pública estruturar os seus propios medios e servizos do modo que máis conveniente resulte para o mellor exercicio das súas competencias e a máis adecuada satisfacción dos seus fins.

Tamén o artigo 2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, recolle a potestade de autoorganización, dicindo que:

*“Coa finalidade de satisfacer os intereses xerais, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a potestade de autoorganización, que a faculta, de acordo co ordenamento xurídico, para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.”*

*Partindo desta facultade de autoorganización, cunha ampla discrecionalidad nas súas decisións, a Deputación Provincial organizou o Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, como órgano centralizador de toda a asesoría xurídica para a propia Deputación na súa integridade, así como para dar cumprimento á obrigaón de asistencia a municipios.*

*Sobre a potestade de autoorganización, cabe citar, entre outras, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 29 de abril de 2009, Res. 341/2009 (Rec. 434/2005) ROJ: STSJ GAL 3072/2009 ECLI: É: TSJGAL:2009:3072) que fala do amplo marxe de actuación que teñen as administracións locais como consecuencia da potestade de autoorganización e ordenación do persoal. E sinala que:*

*«a transformación das prazas obxecto do recurso é unha competencia do Pleno da Corporación, inmersa na potestade de autoorganización e de ordenación do persoal das corporacións locais, as que gozan dunha marxe de actuación amplo á hora de concretar na organización do persoal ao seu servizo (TC S. 29-3-1990) e, en atención aos principios do artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, de racionalidade e eficiencia (...),»*

*Cabe recordar que as relacións de postos de traballo (RPT) veñen reguladas no artigo 90.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, que indica:*

*«As corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública. Corresponde ao Estado establecer as normas conforme as cales deben confeccionarse as relacións de postos de traballo, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación, así como as normas básicas da carreira administrativa, especialmente polo que se refire á promoción dos funcionarios a niveis e grupos superiores.»*

*E o artigo 126.4 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local indica:*

*«4. As relacións dos postos de traballo, que terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, confeccionaranse conforme as normas previstas no artigo 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.»*

*O artigo 74 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público (EBEP), sinala:*

*«Artigo 74. Ordenación dos postos de traballo*

*As administracións públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os devanditos instrumentos serán públicos.»*

*2.- En segundo lugar, o outro argumento que utilizan os alegantes, é que os postos de Subdirector/a del Gabinete, e Asesor Xurídico son da Escala Administración Xeral, e que con a modificación introducida se lles está tratando como posto de Escala de Administración Especial. E engaden que ningún dos trece postos técnicos que forman o Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios exerce todas as funcións que describe a RPT para esta unidade, ou todas as incluídas na Ordenanza provincial reguladora do servizo de asistencia a entidades locais da Deputación de Ourense.*

*Esquecen os alegantes que, tal e como se indicou xa anteriormente, os postos de asesores/as xurídicos/as que anteriormente estaban na área de Medio Ambiente e no servizo de Vías e Obras, viñan sendo desempeñados por licenciados en dereito, e na RPT de 2018, a vixente na actualidade, modificáronse ditos postos, e adscribíronse precisamente ao gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, sen incluír, precisamente, en ningún dos postos do dito gabinete, o requisito da titulación.*

*A existencia do grao en dereito ou equivalente dos postos obxecto das alegacións, os de asesores/as xurídicos/as, é algo evidente, non só pola denominación do Departamento no que se sitúan, e as súas funcións previstas na RPT e na ordenanza provincial reguladora do servizo de asistencia a entidades locais, senón especialmente pola súa propia denominación que é a de asesor/a xurídico/a.*

*Con anterioridade xa quedou exposto, neste informe, que tamén noutras moitas entidades locais se exige a licenciatura en dereito para postos de asesor/a xurídico/a, como funcionarios de carreira dentro da escala de administración xeral.*

*Pretenden os alegantes que a defensa xudicial e administrativa da Deputación Provincial e dos noventa e dous concellos e outras entidades locais da provincia que a poidan solicitar, de conformidade coa ordenanza provincial reguladora do servizo de asistencia xurídica a entidades locais, a presten exclusivamente tres deles: (AX.37.001 Xefe/a do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios; AX.37.002 Subdirector/a de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios; AX.37.005 Letrado/a - Asesor/a Xurídico/a), pertencentes a subescala de Administración Especial (AE). Mentres que os postos (AX.34.003) Asesores/as Xurídicos/as, presten só parte das funcións establecidas ao Gabinete, o que ocasionaría graves carencias por falla de persoal con grao en dereito.*

*Por todos os argumentos expostos procede, desestimar integramente ditas alegacións”.*

**SEGUNDO.-** Aprobar definitivamente as modificacións na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense, mediante a corrección de erros, dos seguintes requisitos para o desempeño dos postos no Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios que se detallan:

### **ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

#### **Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios.**

##### **1 xefe/a do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios,**

*Engádesse o seguinte ao posto de traballo: Titulación requirida: grao en Dereito ou equivalente.*

*Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior. Grupo A1. Nivel C.D. 29. Posto singularizado. Forma provisión: concurso específico.*

*Observacións: posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas, doutras entidades locais ou dos entes públicos vinculados ou dependentes, conforme co previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo.*

### **1 subdirector/a Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios**

*Engádesse o seguinte ao posto de traballo: Titulación requirida: grao en Dereito ou equivalente.*

*Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel C.D. 29. Posto singularizado. Forma provisión: concurso específico.*

*Engádesse no apartado Observacións: Posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas, doutras entidades locais ou dos entes públicos vinculados ou dependentes, conforme co previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo.*

### **2 asesor/a xurídico/a**

*Engádesse o seguinte ao posto de traballo: Titulación requirida: grao en Dereito ou equivalente.*

*Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Posto singularizado. Forma provisión: concurso específico. Nivel C.D. 28. Observacións: Posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas, doutras entidades locais ou dos entes públicos vinculados ou dependentes, conforme co previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo.*

**TERCEIRO.-** Proceder á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor.

## **5º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA RPT DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE NO RELATIVO AO PERSOAL EVENTUAL.**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que non comparte a proposta da Presidencia, xa que se este posto de traballo estaba adscrito a un grupo que por circunstancias sobrevidas non pode facer uso del, non comparten que o este pase a adscribirse ao gabinete de Presidencia, precisando que o importe das retribucións deste posto ben se poderían destinar a outras cuestións máis urxentes para a propia Deputación ou para os concellos da provincia.
- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Intervén reiterando o posicionamento do seu grupo exposto na comisión informativa, pedindo que o importe

económico deste posto de traballo se dedique, por exemplo, a algún dos programas de cooperación cos concellos desta Deputación.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que se trata dunha cuestión de reorganización e reforzando con ela o gabinete da Presidencia provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado non adscrito, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación inicial da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial, no seguinte sentido:

*Na Área de Presidencia, modifícanse as determinacións 2ª e 3ª no relativo ao persoal eventual,*

Engádese o seguinte posto de traballo

2º) *Gabinete de Presidencia:*

*1 Asesor da Presidencia: persoal eventual, asimilado ao grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 39.943,50 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

Suprímese o seguinte posto de traballo

3º) *Persoal ao servizo dos grupos políticos:*

*Grupo de Democracia Ourensana (DO):*

*1 Asesor político de grupo: persoal eventual, asimilado ao grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 39.943,50 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, durante o que os interesados poderán formular reclamacións, que serán expresamente resoltas polo Pleno.

En caso de non formularse reclamacións, entenderase, de forma automática, definitivamente adoptado o acordo ata entón inicial, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor.

**6º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS  
COMPETENCIAS DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DA TAXA POLO  
ABASTECIMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE CARBALLEDA DE  
VALDEORRAS (NÚCLEOS DE SOBRADELO E A MEDUA)**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Carballeda de Valdeorras a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 26 de agosto de 2021, para a recadación executiva da taxa polo abastecemento de auga (núcleos de Sobrado e A Medua na actualidade) nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Carballeda de Valdeorras, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

**7º.- MODIFICACIÓN DA VIXENTE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DOS PUNTOS LIMPOS DA PROVINCIA DE OURENSE, NO REFERENTE ÁS TARIFAS DOS ANEXOS I E II**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Intervén para manifestar que o BNG se vai abster na votación desta proposta, indicando que estamos ante un tema moi sensible e no que as taxas que temos nesta provincia son moi baixas sobre todo se temos en conta os custos do servizo que aumentan pola dispersión dos núcleos de poboación. Insiste en que se trata dun tema onde a concienciación social é moi importante, e que tanto o transporte como o tratamento dos residuos se están incrementando polos custos enerxéticos e manifestando que temos que tentar minimizar os custos e mellorar a capacidade de reciclaxe.
- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que se trata de aprobar a actualización anual do custo repercutible do servizo, que ten o seu reflexo na taxa correspondente, neste ano nun 2,16 %. Engade que estamos ante un servizo esencial para os concellos e que está a funcionar relativamente ben, quere deixar constancia que debe ser un servizo de xestión directa, xa que a modificación do modo xestión á xestión indirecta levará consigo un aumento do custo do servizo e unha perda da súa calidade.
- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Simplemente intervén para lembrar que se trata de aprobar a actualización que prevé a propia ordenanza.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (9), de DO (1) e da/do deputada/o non adscritos (2) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación dos anexos I e II da vixente Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e

eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense (BOP 21/12/2020), co seguinte contido:

Anexo I

<b>TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS</b>	
<b>EPIGRAFES</b>	<b>TARIFA</b>
<i>Vivendas</i>	
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)	56,81 €
Vivendas URBANAS (4-6 veces/semana)	71,01 €
<b>TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS</b>	
<b>EPIGRAFES</b>	<b>TARIFA</b>
Hoteles, hostais, pensións, casas de hospedes, por cada 5 habitacións ou fracción	56,81 €
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o roulotte (carabana ou autocarabana), ou bungaló	56,81 €
<i>Restaurantes e similares</i>	
Restaurantes ata 100 m <sup>2</sup>	170,43 €
Restaurantes de 100- 350 m <sup>2</sup>	284,06 €
Restaurantes de mais de 350 m <sup>2</sup>	568,11 €
<i>Bares, cafeterías e similares</i>	
Bares, cafeterías e similares	170,43 €
Peñas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	56,81 €
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	568,11 €
Pubs e bares con música e similares	284,06 €
Bingos	170,43 €
<i>Negocios de alimentación</i>	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m <sup>2</sup>	170,43 €
Supermercados e aautoservizos de alimentación de 100 a 350 m <sup>2</sup>	397,68 €
Hipermercados e autoservizos de alimentación de más de 350 m <sup>2</sup>	852,17 €
Carnicerías e pescaderías	170,43 €
Fruterías	227,24 €
Confeiterías, panaderías (fornos e despachos de pan)	170,43 €
<i>Outros Negocios de</i>	
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de 0-100 m <sup>2</sup>	170,43 €
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de 100-350 m <sup>2</sup>	340,87 €
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de máis de 350 m <sup>2</sup>	568,11 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 0-200 m <sup>2</sup>	170,43 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 200-450 m <sup>2</sup>	340,87 €
Almacenes, depósitos e venta al por maior de más de 450 m <sup>2</sup>	568,11 €

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS		TARIFA
EPÍGRAFES		
<i>Servizos</i>		
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización		454,49 €
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción		113,62 €
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias		4.828,95 €
Centros penitenciarios, por cada interno		85,22 €
Cemiterios e Igrexas e templos con cemiterios		85,22 €
Cines e teatros		113,62 €
Bancos e caixas de aforros		284,06 €
Academias privadas		170,43 €
Centros docentes sen servizo de comedor		284,06 €
Centros docentes con servizo de comedor		568,11 €
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)		56,81 €
Residencias de anciáns e xerátricos (por cada dúas prazas ou fracción)		85,22 €
Centros de día, de ata 500 m2 totais		227,24 €
Centros de día de 500 ou máis m2		397,68 €
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)		170,43 €
<i>Oficinas, despachos e servizos profesionais</i>		
En locais de 0-100 m <sup>2</sup>		56,81 €
En locais de 100-200 m <sup>2</sup>		170,43 €
En locais de 200-300 m <sup>2</sup>		284,06 €
En locais de máis de 350 m <sup>2</sup>		397,68 €
<i>Estacions de servizo</i>		
Gasolineira sen tenda comercial		170,43 €
Gasolineira con tenda comercial		227,24 €
Garaxes públicas (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción		56,81 €
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m2		170,43 €
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m2		284,06 €
Talleres mecánicos e chapisterías de mais de 200 m2		397,68 €

TARIFAS ESPECIAIS		TARIFA
EPÍGRAFES		
<i>Pequenos núcleos rurais</i>		
Tascas e pequenos negocios de venda ó por menor en núcleos de menos de 200 habitantes		56,81 €
<i>producción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial:</i>		
Sen materia orgánica	1er contenedor (800 l)	227,24 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	113,62 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	170,43 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	284,06 €
Con materia orgánica	1er contenedor (800 l)	568,11 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	284,06 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	454,49 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	568,11 €

## Anexo II

<u>Entregas en Puntos Limpos (para non abonados)</u>		TARIFA
EPÍGRAFES		
Ud. de colchóns		6,13 €
Kg de Voluminosos		0,225 €
Kg de RAEES sen clasificar non reciclables		0,225 €

2º) Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formularan reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

### **8º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2021, N.º 9/2021**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e da/do deputada/o non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente n.º 9/2021 de modificación das bases de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, no que se refire á seguinte variación que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2021, co seguinte detalle:

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, no expediente de modificación de créditos n.º 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, aparece unha subvención nominativa ao Concello de Lobios para “Local social Esperanzo”, por importe de 40.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo Concello de Lobios en data 4 de agosto de 2021, e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, na que se comunica que se proceda ao cambio de localización da obra n.º 58/16/2021, quedando así a finalidade da subvención do seguinte xeito “Local social en Lobios”.

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe €</b>
Concello de Lobios	Local social en Lobios	40.000,00 €

2º.- De acordo co artigo 169, 170 e 171 da Lei reguladora das facendas locais, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

### **9º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 10/2021, DE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO DO EJERCICIO 2021.**

Logo da ratificación, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, a Sra. interventora expón o contido da proposta.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que o posicionamento do seu grupo non é contra a modificación de crédito en si mesma, senón contra a causa, considerando que é un escándalo que cando aínda non pasaron dez anos do rescate de Abanca, financiado por toda a veciñanza de Galicia, agora cada mes hai que pagarlle as comisións bancarias, mentres eles deixan de prestar servizos pechando as súas oficinas, especialmente no rural, e non deixan de medrar os seus beneficios. Engade que esta situación é denunciante e debería solicitarse que por parte da Administración xeral do Estado se xeren contas no Banco de

España que permitan o depósito de fondos das entidades locais e evitar así esta sangría por parte das entidades financeiras.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Intervén para indicar que lle parece moi ben a proposta do deputado Varela de permitir que se xeren contas no Banco de España que permitan o depósito de fondos das entidades locais.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e da/do deputada/o non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente n.º 10/2021 de transferencias de crédito entre distintas áreas de gasto do exercicio 2021, co seguinte detalle:

Aplicacións que ceden crédito			Aplicación que recibe crédito		
Aplicación	Denominación	Importe €	Aplicación	Denominación	Importe €
16111/64000	Servizo de Augas e MA. Gastos en inv. de carácter inmaterial	19.900,00	01111/35900	Outras entidades financeiras. Outros gastos	117.500,00
16911/62300	Red. Prov. De recollida de a. Maquin. inst e ferramentas	13.000,00			
33418/62500	CC Marcos Valc. Mobiliario pertenzas	10.000,00			
33711/63200	Pazo Vilamarín. Edif. e outras construcións	9.900,00			
45012/62400	Coop. Provincial. Elementos de transporte	30.000,00			
45311/62300	Vías e obras prov.				

	Maquin. Instalación e ferramentas	9.900,00		
92016/62300	Imprenta prov. Maquin. instal. e ferramentas	17.900,00		
92016/62600	Imprenta prov. Equipos para procesos de información	6.900,00		
	<b>Total créditos cedidos</b>	<b>117.500,00</b>	<b>Total crédito recibido</b>	<b>117.500,00</b>

As aplicacións orzamentarias afectadas atópanse nos supostos aos que se refiren os artigos 180 do TRLRFL, de 5 de marzo e 41 do RD 500/90, de 20 de abril:

- “Non afectarán aos créditos ampliáveis nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- Non poderán minorarse os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin aos créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.
- Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración, salvo que afecten a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran a programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno”.

As transferencias que se propoñen afectan a aplicacións do orzamento de gastos pertencentes á distintas áreas de gasto, polo que conforme coa citada base de execución número 23 e ao artigo 179 do TRLRHL corresponde a súa aprobación ao Pleno da corporación.

**2º** .- De acordo co artigo 169, 170 e 171 da Lei reguladora das facendas locais, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

## **10º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2022**

Logo da ratificación, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario expón o contido da proposta.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Sinala que estamos a tratar neste asunto a proposta de inadmisión do escrito de alegacións presentado polo grupo socialista ao orzamento xeral da Deputación aprobado inicialmente, por non se basear a dita reclamación nalgún dos supostos de oposición taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, conforme coas razóns expostas no informe da Sra. interventora. Sinala que este artigo establece como criterio de admisión na súa letra b) o de “omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo”, entendendo que esta previsión habilitaría a admisión a trámite desta alegación, xa que se trata dunha cuestión interpretable, e que o TC ten reiterado na súa xurisprudencia que os fins das deputacións son os de garantir a solidariedade e equilibrio intermunicipais, e que esta cuestión é precisamente a que subxace no escrito de alegacións, que estes orzamentos non garanten a dita solidariedade e equilibrio, polo que debería cando menos ser admitida a trámite.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza indicando que o seu grupo xa votou en contra da aprobación inicial destes orzamentos presentados polo grupo de goberno, e que o sentido do voto non vai mudar porque en nada se muda o contido do orzamento xeral. A alegación do grupo socialista cuestiona como se fai o reparto dos fondos públicos, e que o BNG xa ten amosado a súa profunda discrepancia coa forma de proceder do grupo de goberno, xa que eles defenden outro modelo de reparto de fondos con criterios de equilibrio e responsabilidade entre os concellos de menos de 20.000 habitantes. Engade que as alegacións aos orzamentos propoñen a revisión do modelo e deberían ser admitidas a trámite, para debater se esa porcentaxe dos fondos destinados aos concellos é xusta ou se estamos ante un orzamento discriminatorio.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que aínda non estando de acordo non vai discutir os informes dos técnicos da Deputación. Sinala que en todo caso se debe debater a cuestión de fondo, que é a forma de distribución dos fondos entre

os concellos. Indica que o seu grupo ten toda a lexitimidade para presentar estas alegacións, e non por isto poden cualificados os seus voceiros de “destrutivos”, como fixo o voceiro do Grupo Popular nunha nota de prensa. Sinala que a presentación de alegacións é un trámite do máis usual na maioría das institucións democráticas, e que manifesta a discrepancia entre os diferentes grupos políticos. Indica que este asunto confronta dúas maneiras de entender o reparto dos fondos da Deputación, o do Partido Popular, que defende un reparto caciquil, caprichoso e indecente, mentres que o Partido Socialista defende un reparto xusto e equitativo. Seguidamente pregúntalle ao voceiro do Grupo Popular se realmente está en contra das alegacións presentadas, que o único que piden é un reparto xusto e equitativo dos fondos provinciais entre todos os concellos da provincia, e se realmente cre que isto vai a paralizar algo, tal e como se indica na nota de prensa do grupo popular. Engade que o que debería paralizarse son os investimentos que se prevén no orzamento, e que van destinados case nun cento por cento a concellos gobernados polo Partido Popular. Sinala que este sistema de reparto só se dá nesta administración provincial, e que a propia Xunta de Galicia, cando non emprega o sistema de concorrencia competitiva, destina fondos a todos os concellos.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Toma a palabra para indicar que o orzamento xeral para o exercicio de 2022 é o máis alto da historia da institución provincial e que deben ir dirixidos á reactivación económica e social da provincia. Engade que as alegacións son desestimadas con base no informe da intervención provincial e amosa a súa sorpresa pola intervención do deputado non adscrito Miguel Caride, que no ano 2020 votou a favor duns orzamentos similares. Seguidamente dá lectura a determinadas consideracións do informe da intervención provincial que constan no expediente. Conclúe indicando que as alegacións presentadas non se basean en ningún dos supostos que establece o artigo 170.2 do TRLRFL, polo que necesariamente deben ser inadmitidas a trámite, xa que estas fan unha interpretación singular e *torticeira* da normativa aplicable, deixando caer que estes orzamentos non cumpren a lei e “miman” a concellos onde se realizaron mocións de censura. Remata indicando que o Grupo Socialista só pretende facer barullo mediático e así monopolizar o pleno para que non fale doutros asuntos que poñen enriba da mesa a boa xestión do grupo de goberno da Deputación Provincial.

- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): comeza indicando que se pode estar ou non de acordo coa súa intervención, pero que se debe tachar esta de gratuíta ou de mini informe, como fixo o voceiro do Grupo Popular. Aclara que el non discute o informe da

intervención xeral, pero si o debate, entendendo que no suposto de “omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo”, terían encaixe as alegacións do Grupo Socialista, xa que o orzamento presentado, segundo as alegacións, non lle permite cumprir á Deputación esas obrigas esixibles. Para rematar lembra que xa votou en contra da aprobación inicial deste orzamento, indicando que manterá o sentido do seu voto votando en contra del.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Fai uso da palabra para indicar que é unha mágoa que o deputado Miguel Caride tardase dous anos en atopar esa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, xa que de telo feito con anterioridade, e de “ver a luz” tamén a deputada Montserrat Lama e Armando Ojea, teríamos por fin un reparto de fondos xusto e un plan único nesta Deputación. Engade que para ser os orzamentos da Deputación máis altos da historia, pregunta en que partida ou partidas se traslada isto aos concellos, lembrando que en ningún dos programas de cooperación que se van debater a continuación se ve incrementada a contía destinada a cada concello. Insiste en que o modelo do plan único funciona nas deputacións da Coruña, Pontevedra e Lugo, e que deixa conformes a todos os grupos políticos, incluído o Grupo Popular. Lembra que a xestión desta Deputación xa foi posta en tela de xuízo polo Consello de Contas de Galicia, e que unha cousa é a legalidade e outra a ética na xestión dos fondos públicos. Remata indicando o seu voto en contra da aprobación definitiva do orzamento presentado.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para indicar que na súa opinión o Concello de Ourense ten tanto dereito como os demais a participar no reparto de fondos desta Deputación, lembrando que este concello lle presta moitos servizos a moitos cidadáns doutros concellos da provincia, indicando que existe unha gran relación entre a cidade e o rural. Engade que non é de recibo que na proposta do plan único se lle asignen cero euros ao Concello de Ourense, lembrando que o Concello de Vigo recibe da Deputación de Pontevedra unha importante partida orzamentaria, nunha Deputación onde cogobernan PSOE e BNG, o que considera unha falta de coherencia de ambos grupos. Remata indicando o seu voto favorable á aprobación definitiva do orzamento.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza criticando a postura do Grupo Popular, xa que cada vez que algún outro grupo presenta unha alegación ou non está de acordo coa proposta do grupo de goberno, xa pasa a ser descualificado. Insiste en que efectivamente son os orzamentos máis elevados da historia da Deputación, pero só para o 99

% dos concellos, que son os gobernados polo Partido Popular. Acusa ao voceiro do grupo popular de non entrar no fondo da cuestión, acusándoo de escudarse no informe da interventora da Deputación. Insiste en que a forma de gobernar do grupo de goberno do Partido Popular é precisamente o principal problema que ten esta provincia, e lembra que neste mandato os cidadáns os mandaron á oposición, xa que todos os grupos que se presentaban en contra da súa forma de gobernar obtiveron a maioría, pero logo pasou o que pasou con DO, e que o Grupo Popular non tiña que estar no goberno, e que mudou a situación e o resultado electoral co uso dos fondos públicos desta Deputación. Seguidamente pregúntalle ao voceiro do Grupo Popular se os traballadores, os sindicatos ou as entidades que presentan alegacións, tamén son cualificados de destrutivos. Para rematar sinala que o de cualificar a estes orzamentos de ilegais xa se apuntou por aquí, e que non o di o Grupo Socialista, senón que xa o di o Consello de Contas no seu informe de fiscalización do ano 2018, no que indica que as subvencións nominativas deben seguir outra tramitación.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza a súa intervención indicando que non era a súa intención descualificar a intervención do deputado Miguel Caride, indicando que se se sente molesto retira o de mini informe e o deixa en informe, breve, iso si. Engade que ten o máximo respecto por todas as opinións que se manifesten neste pleno. Sinala que as alegacións ao orzamento son de tipo político, e xa se expuxeron nas comisións informativas e no pleno anterior, e que a única vontade do grupo alegante é a de reiterar novamente o mesmo debate. Indica que na rolda de prensa da que se falou, o Grupo Socialista ameazou con adoptar novas medidas e ante novas instancias, e que entende que o grupo alegante acudiría aos xulgados, indicándolle que están no seu perfecto dereito, e que xa son “expertos” nestes asuntos, pondo como exemplo a insólita demanda contra as subvencións aos autónomos e autónomas da provincia. Engade que en termos políticos, o Grupo Socialista ten como único obxectivo evitar que siga gobernando o Grupo Popular na Deputación, e para isto se teñen que ir contra a provincia tamén irán, como están amosando co seu comportamento político nesta Deputación e no concello da capital. Finalmente pídelles ao Grupo Socialista que abandone a súa política mediática e traballe en prol da provincia facendo propostas construtivas.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), e da deputada non adscrita, e o voto en contra do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do

deputado non adscrito, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Inadmitir a reclamación administrativa interposta por don Rafael Rodríguez Villarino, voceiro do grupo provincial do PSdeG-PSOE, contra a aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022, por non se basear a dita reclamación nalgún dos supostos de oposición taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, conforme coas razóns expostas no informe da Sra. interventora de data 25.10.2021, que consta incluído no expediente.

2º.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022, integrado polos orzamentos da entidade, do organismo autónomo INORDE e do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra Incendios e de Salvamento.

3º.- De conformidade co disposto no artigo 169, números 1 e 3, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, proceder á publicación, resumido por capítulos, do orzamento da Deputación, do INORDE e do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra Incendios e de Salvamento. Igualmente, e segundo o establecido no artigo 127 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por RDL 781/1986, do 18 de abril, publicar os cadros de persoal.

### **11º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO 2022**

O Sr. presidente anuncia que tal e como se acordou na xunta de portavoces, os puntos 11º, 12º e 13º debateranse conxuntamente e a votación será por separado.

O Sr. secretario expón o contido dos ditames favorables da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que o voto do grupo do BNG, por sorte, vai ser a favor, indicando que di “por sorte” porque entende que o voto do grupo de DO vai ser en contra xa que os programas contemplan unha achega de “zero euros” para o Concello de Ourense. Engade que a pesar de votar a favor destes programas, a crítica que fan é a de que entenden que non procede o reparto lineal de fondos por un lado, e que son

de escasa contía, por outro lado, e máis cando estamos ante o orzamento máis elevado da historia da Deputación. Seguidamente pon como exemplo o programa de mocidade, que leva varios anos cun importe inalterable e no que hai concellos con máis de 800 veciños mozos e outros con menos de 20, que perciben a mesma cantidade, o que non parece moi ecuánime á hora de xestionar os cartos públicos. Pasa o mesmo co programa de empregabilidade, onde se percibe a mesma cantidade independentemente do número de persoas desempregadas. Deste xeito propón unha cantidade mínima por concello e a partir de aí unha distribución en función de criterios obxectivos. No relativo ao programa de limpeza nas marxes das estradas provinciais e locais, indica que se priorice que os quilómetros de limpeza que teña que realizar cada concello na rede viaria provincial se faga sempre dentro do propio termo municipal.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para sinalar que unha cousa debe ser que o Concello de Ourense non reciba un euro nos orzamentos xerais da Deputación, como pretende o grupo do BNG, e outra distinta, que en determinados programas ou accións sexa excluído, por non precisar axuda nestes, o que é facilmente comprensible. Indica que non existe pois contradición ningunha no sentido do seu voto.

- 1ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que pola parte do Grupo Socialista a súa intervención ten que ser necesariamente repetitiva, xa que os programas se manteñen invariables ano tras ano, a pesar do incremento nos orzamentos da Deputación. Engade que estamos ante máis do mesmo, e lembra que o incremento extraordinario no programa de empregabilidade que se aprobou no ano 2020 foi por petición precisamente do Grupo Socialista. Por último pídelles ao grupo de goberno que non governe de xeito inmutable e anticipa que no exercicio de 2023 se volverán repetir os mesmos programas e as mesmas contías, indicando que estes programas teñen acollida entre os concellos da provincia porque son os únicos que hai. Insiste un ano máis en unificar todos os programas nun único, con criterios de reparto equitativos e xustos e con maior dotación orzamentaria.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza indicando que o programa de mocidade mantén a proposta formulada pola deputada Montserrat Lama, para poder dedicar este aos gastos xerados pola Covid-19, sen prexuízo da súa finalidade principal. Sinala que o importe por concello é de 6.000 euros e cunha tramitación administrativa moi doada. Respecto ao programa de empregabilidade, sinala que este ten unha acollida moi boa entre todos os

concellos da provincia, sendo a súa contía de 20.000 euros por concello. En canto ao programa de limpeza de marxes na rede viaria, mantén a mesma finalidade que en exercicios anteriores, e ve incrementada a súa contía global con respecto ao exercicio anterior. A finalidade principal deste é a de cooperar cos concellos e mancomunidades da provincia no mantemento da rede provincial e municipal de estradas. Con todo o dito, indica que estes son os programas que propón o grupo de goberno, e que é incompreensible a abstención que anunciou o Grupo Socialista nestes asuntos. Remata indicando que o importe total destes programas é de 2.829.000,00 €.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Diríxese ao voceiro do grupo de DO para lembrarlle que segundo a lexislación vixente, os concellos de menos de 20.000,00 € deben ser os destinatarios principais dos programas de cooperación das deputacións, polo que sería moi discutible a inclusión do Concello de Ourense como beneficiario deles. Engade que o Concello de Ourense non debe ter queixa da cooperación desta Deputación, lembrando partidas como as destinadas ao Paco Paz, Teatro Principal ou a eventos como o OUFF, entendendo que deberá abordarse, tal e como dixo o actual alcalde do concello, que sexa o concello o que asuma as competencias sobre eses espazos. Remata reiterando que estes programas son cativos na súa contía e cun criterio de reparto que non é xusto nin equitativo.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Insiste en que ao Concello de Ourense non lle resolve nada a adhesión a este tipo de programas de cooperación, pero que iso non significa que a Deputación non deba cooperar con este concello, como por exemplo coa inclusión no Plan provincial de obras e servizos. Insiste en que non existe ningunha contradición nesta exposición, e que para apoiar determinadas propostas hai que ser transixentes en función das circunstancias de cada momento.

- 2ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Volve dirixirse ao voceiro de DO para criticarlle o feito de que o ano pasado lle valía unha cousa pero que agora este ano parece que lle vale a contraria. Sobre a intervención do voceiro do Grupo Popular, reitéralle que o Grupo Socialista, como xa fixo nas comisións informativas, si que propón, neste caso un incremento nos programas, especialmente no de empregabilidade. Precisamente por esta razón xustifica a súa abstención, porque estes programas seguen con contías moi reducidas e sobre todo cando tratan de vender os orzamentos máis elevados da historia da Deputación.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Remata indicando que o importante é a contía de 2.829.000,00 € que a través destes programas se poñen a disposición dos concellos da provincia, e que do resto non ten nada máis que dicir.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e da/do deputada/o non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2022, co seguinte teor literal:

**1ª) Obxecto:**

*Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2022.*

*A finalidade deste Programa é contribuír ao financiamento das actividades desenvolvidas polos concellos da provincia e a entidade local menor de Berán en prol da mocidade ao longo do exercicio 2022.*

**2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.**

*1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando desenvolvan actividades en prol da mocidade durante o exercicio 2022.*

*2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas actividades, sempre que fosen autorizados a partir do 1 de xaneiro de 2022.*

*3. Tendo en conta as dificultades económicas que poden atravesar os concellos no exercicio 2022, como consecuencia da loita contra a pandemia do COVID-19, no presente exercicio permitirase, de forma excepcional, que os concellos poidan utilizar a dotación económica deste programa naquilo que consideren máis urxente e necesario, excluindo gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación*

*política e dos gastos de servizos que se atopan total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas nas bases.*

**3ª) Contía das subvencións:**

*A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 6.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ao desenvolvemento das actividades subvencionadas. A subvención concedida á entidade local menor de Berán poderá acadar a contía máxima de 3.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ao desenvolvemento das actividades subvencionadas.*

**4ª) Disponibilidades orzamentarias:**

*O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 46207/24111 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022, tramitándose con carácter anticipado o Programa ao abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:*

*1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2022, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.*

*2ª) A contía total máxima estimada é de 549.000,00 €.*

*3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.*

*4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.*

*5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2022, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.*

**5ª) Resolucións de adhesión ao programa e solicitudes de subvención: prazos, lugar de presentación e documentación para presentar:**

*As resolucións de adhesión ao programa -que inclúen as solicitudes de subvención-subscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial e deberán presentarse no Rexistro*

*Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, consonte co modelo que se achega como anexo I a estas bases.*

*O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.*

*As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención que se presentará consonte co modelo que se achega como anexo II a estas bases.*

#### **6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.**

*As solicitudes de adhesión presentadas remitiránse ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.*

*Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.*

*Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:*

*a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo.*

*b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencias advertidas no prazo concedido.*

*A resolución de concesión das subvencións adoptarase antes do 19 de marzo de 2022 e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

#### **7ª) Contía das subvencións:**

*Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 6.000 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 3.000,00 €. Esta subvención entenderase concedida, para todos os efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.*

*Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:*

*- Se o gasto efectivo das actividades subvencionadas fose inferior á dita cantidade.*

- Se as achegas doutras administracións públicas que financian as actuacións exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo das actividades subvencionadas.

A redución da contía das subvencións declarase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polas entidades beneficiarias.

#### **8ª) Xustificación da subvención:**

1. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2022. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2022 e poderá concederse, como máximo, ata o día 10 de decembro de 2022.

2. A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:

- Relación de actividades realizadas con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.

- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigación no exercicio 2022.

- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento das actividades subvencionadas.

B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.

C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflecta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da

*totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.*

*4. Para considerar xustificada a subvención, os concellos deberán acreditar a realización do gasto por unha contía igual ou superior a 6.000,00 € e a entidade local menor de Berán por unha contía igual ou superior 3.000,00 €. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan o 100 do custo soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.*

*A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.*

*A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar a unha redución do importe da subvención nun 20 %.*

#### **9ª) Obrigas dos beneficiarios:**

*Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.*

*No local onde se realicen as actividades subvencionadas deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.*

#### **10ª) Normativa supletoria:**

*De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.*

### **ANEXO I**

#### **MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN**

*Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2022 e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:*

*1ª) Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de \_\_\_\_\_ ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o*

exercicio 2022, solicitando a concesión dunha subvención por importe de ..... euros.

2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación.

3º) Declarar que o Concello/ a Entidade de \_\_\_\_\_ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

**ANEXO II  
DECLARACIÓN AXUDAS**

Don/Dona \_\_\_\_\_, alcalde/sa do Concello/presidente Entidade de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_,

**DECLARA**

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión*	Contía

\*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarse "pendente" na columna.

No caso de solicitudes denegadas, farase constar "denegada".

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **12º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EXERCICIO 2022**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 11º e 13º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e da/do deputada/o non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2022, co seguinte teor literal:

#### ***1ª) Obxecto:***

*Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2022.*

*A finalidade deste Programa é a contribución ao sostemento económico dos servizos de competencia municipal e da entidade local menor de Berán posibilitando o complemento dos recursos humanos necesarios co dito fin, tanto a través das figuras contractuais propias da lexislación laboral como a través de contratos administrativos ou nomeamentos de persoal*

*funcionario interino, de ser o caso, mediante a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento dos ditos contratos ou nomeamentos.*

### **2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.**

*1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando contraten persoal en réxime de dereito laboral, efectúen nomeamentos de persoal funcionario interino ou subscriban contratos administrativos, típicos ou especiais, con persoas físicas suxeitas ao réxime de autónomos, para a realización de actividades da súa competencia durante o exercicio 2022. Considéranse subvencionables as contratacións ou nomeamentos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2022. Igualmente serán subvencionables as contratacións ou nomeamentos procedentes de anos anteriores que subsistan no exercicio 2022, exclusivamente en canto os custos devindicados a partir do 1 de xaneiro de 2022.*

*2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas contratacións ou nomeamentos, incluíndo gastos salariais e de Seguridade Social, así como os honorarios ou contraprestacións económicas por servizos profesionais prestados por autónomos.*

### **3ª) Contía das subvencións:**

*A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 20.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados. A subvención concedida á entidade local menor de Berán poderá acadar a contía máxima de 10.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados.*

### **4ª) Disponibilidades orzamentarias:**

*O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 46211/24111 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022, tramitándose con carácter anticipado o Programa ao abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:*

*1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2022, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.*

2ª) A contía total máxima estimada é de 1.830.000,00 €.

3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2022, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

**5ª) Resolucions de adhesión ao programa e solicitudes de subvención: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:**

As resolucions de adhesión ao programa -que inclúen as solicitudes de subvención-subscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial e deberán presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, consonte co modelo que se achega como anexo I a estas bases.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencions públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención que se presentará consonte co modelo que se achega como anexo II a estas bases.

**6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.**

As solicitudes de adhesión presentadas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

*Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:*

*a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo.*

*b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencias advertidas no prazo concedido.*

*A resolución de concesión das subvencións adoptarase antes do 19 de marzo de 2022 e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

**7ª) Contía das subvencións:**

*Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 20.000,00 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 10.000,00 €. Esta subvención entenderase concedida, para todos os efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.*

*Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:*

- Se o gasto efectivo do contrato ou nomeamento subvencionado fose inferior á dita cantidade.*
- Se as achegas doutras administracións públicas que financian a actuación exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo da contratación ou nomeamento subvencionado.*

*A redución da contía das subvencións declararase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.*

*Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.*

**8ª) Xustificación da subvención:**

*As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2022. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2022 e poderá concederse, como máximo, ata o día 10 de decembro de 2022.*

*A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:*

*A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:*

*- Relación de contratos ou nomeamentos realizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.*

*- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obriga no exercicio 2022.*

*- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos subvencionados.*

*B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.*

*C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflicta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.*

*3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.*

*Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.*

*4. Para considerar xustificada a subvención os concellos beneficiarios deberán acreditar a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 20.000,00 euros e a entidade local menor de Berán por unha contía igual ou superior a 10.000,00 euros. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan do 100% do custo soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.*

*A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.*

*A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.*

**9ª) Obrigas dos beneficiarios:**

*Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.*

*No local onde se realicen os servizos subvencionados deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.*

**10ª) Normativa supletoria:**

*De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.*

**ANEXO I**

**MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN**

*Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2022, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:*

*1ª) Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de \_\_\_\_\_ ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2022, solicitando a concesión dunha subvención por importe de ..... euros.*

*2ª) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación.*

*3ª) Declarar que o Concello/ a Entidade de \_\_\_\_\_ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.*

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN AXUDAS**

Don/Dona \_\_\_\_\_, alcalde/sa do  
Concello/presidente Entidade de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_,

**DECLARA**

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

<i>Organismo ou entidade ao que solicita</i>	<i>Data solicitude</i>	<i>Concesión*</i>	<i>Contía</i>

\*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "pendente" na columna.

No caso de solicitudes denegadas, farase constar "denegada".

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **13º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAL E PROVINCIAL NO EJERCICIO 2022**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 11º e 12º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e da/do deputada/o non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2022, co seguinte teor literal:

***Primeira.- Obxecto:***

*1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación do programa de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2022.*

*2. Este programa desenvolverase mediante a concesión de subvencións ás ditas entidades locais para o financiamento da prestación de servizos de limpeza das marxes da rede viaria local. A finalidade da subvención é colaborar economicamente cos concellos e mancomunidades no sostemento do servizo público de limpeza das marxes da rede viaria municipal (prestación que se considera incluída no servizo mínimo obrigatorio de acceso aos núcleos de poboación, recollido no artigo 26 da Lei de bases de réxime local) e no cumprimento das obrigas establecidas na lexislación galega de prevención de incendios forestais. Esta colaboración condiciónase a que por parte dos concellos e mancomunidades se realicen labores de limpeza das marxes das vías provinciais e municipais, co obxectivo*

*último de garantir o mantemento das vías en condicións axeitadas de limpeza e seguridade, dándolle ademais cumprimento ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.*

*3. Os servizos subvencionados poderán prestarse mediante calquera modo de xestión dos previstos na lexislación de réxime local, sendo subvencionables todos os gastos correntes directos do servizo. Exclúense os gastos de investimento e os indirectos, así como os definidos como non subvencionables nos apartados 7 e 8 do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.*

***Segunda.- Beneficiarios:***

*Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no presente Programa provincial de cooperación os concellos de menos de 20.000 habitantes e as mancomunidades integradas por estes concellos que cumpran os seguintes requisitos:*

*a) Prestar o servizo de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial cunha máquina rozadora con brazo articulado, durante, polo menos, un período mínimo de tres meses no exercicio 2022. Este período mínimo deberá comprender, en todo caso, as datas nas que a Deputación estableza a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial, conforme co previsto na base sétima, apartado b). Nos supostos de períodos de prestación do servizo que non comprendan meses naturais completos, para o cálculo do cumprimento do período mínimo esixible computaranse os días naturais de prestación, considerándose un mes por cada trinta días naturais.*

*b) Adherirse ao presente Programa de cooperación no prazo e coas formalidades recollidas na base quinta.*

***Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:***

*O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 16311/46200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022, tramitándose con carácter anticipado o Programa ao abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:*

*1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2022, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.*

2ª) A contía total máxima estimada é de 450.000,00 €.

3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2022, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

**Cuarta.- Contía das subvencións:**

A contía das subvencións que se concedan ao abeiro deste Programa de cooperación será para o exercicio 2022 de 4.500,00 € por entidade local, con destino ao financiamento dos gastos subvencionables de prestación do servizo.

A contía poderá ser inferior nos casos en que así se solicite expresamente pola entidade local interesada.

En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 100% dos gastos subvencionables soportados pola entidade beneficiaria, polo que se reducirá no importe correspondente para o caso de que o gasto xustificado no citado concepto sexa inferior a 4.500,00 €.

**Quinta.- Adhesión ao programa:**

Os concellos e mancomunidades que desexen adherirse ao Programa de cooperación regulado nas presentes bases deberán facelo mediante resolución do órgano competente na que se aprobe a dita adhesión. A resolución deberá ter o contido que se recolle no anexo I destas bases, modelo que se poderá utilizar para documentar a dita resolución.

Coa solicitude deberase achegar unha declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo II.

A resolución de adhesión deberá presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de

*outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.*

*A adhesión dos concellos ou mancomunidades autorizarase mediante decreto da Presidencia, no que se concederá a subvención correspondente ata un máximo de 4.500,00 euros. A resolución de autorización de adhesión deberá ditarse antes do 19 de marzo de 2022. Na dita resolución, ou ben noutra resolución posterior, concretaranse as obrigas de limpeza da rede viaria provincial ás que queda condicionada a concesión da subvención, conforme co previsto na base 7ª.*

*No suposto en que o número de solicitudes exceda das dispoñibilidades orzamentarias, a Presidencia concederá as subvencións por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación. Para estes efectos, tomarase a data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación da documentación íntegra de cada solicitude, e non se terá en conta a data de presentación de solicitudes incursas en deficiencias formais.*

*No caso de producirse remanentes con anterioridade ao 23 de abril de 2022 pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de entrada no rexistro da Deputación, tal e como se establece no parágrafo anterior.*

***Sexta.- Publicidade das adhesións e da concesión de subvencións:***

*A resolución de autorización das adhesións e de concesión das subvencións será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

***Sétima.- Obrigas dos beneficiarios:***

*Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas por estas bases e pola Lei xeral de subvencións, en todo aquilo que non resulte incompatible coas bases do Programa. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.*

*Con carácter especial, os concellos e mancomunidades adheridos a este Programa de cooperación quedan suxeitos ás obrigas seguintes:*

a) *Prestar efectivamente o servizo de limpeza da rede viaria municipal e provincial durante o período de tempo mínimo establecido na base segunda, dispoñendo durante ese período, cando menos, dunha máquina con condutor dedicada a estas tarefas.*

b) *Realizar especificamente os traballos de limpeza da rede viaria provincial, nos períodos de tempo e nas estradas que se especifiquen na resolución de concesión da subvención ou nunha resolución posterior da Presidencia. A determinación dos ditos traballos realizaráa a Deputación conforme coas seguintes regras xerais:*

- *Cada concello ou mancomunidade beneficiaria estará obrigada a limpar, unha vez ao ano, un tramo ou conxunto de tramos da rede viaria provincial de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude, nun período de tempo que se indicará na resolución de concesión. Os tramos obxecto de limpeza situaranse, preferentemente, no territorio da entidade local beneficiaria, pero poderán situarse en territorio de entidades locais próximas dentro da mesma comarca, tendo en conta as necesidades de mantemento da rede viaria provincial. Excepcionalmente, a petición do concello interesado, a Presidencia poderá reducir o número de quilómetros que é obrigatorio limpar nos supostos en que, ao situarse o tramo obxecto de limpeza en todo ou parte fóra do termo municipal, o cumprimento da dita obrigación supoña un sobrecusto excesivo para a entidade beneficiaria.*

- *A limpeza será de bermas, paseos, foxos e noiros, nunha banda de catro metros en cada marxe, deixando unha altura máxima de vexetación tras a roza duns 5-7 cm. Non obstante o anterior, o ancho da banda de limpeza entenderase reducido na medida necesaria cando polas características do terreo resulte materialmente imposible realizar a limpeza en toda a súa extensión.*

- *Cada concello ou mancomunidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Servizo de Vías e Obras, cunha antelación mínima de 5 días naturais, a data concreta do inicio da limpeza, dentro do prazo establecido na resolución de concesión, mediante comunicación que se presentará no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación.*

- *Os técnicos do Servizo de Vías e Obras comunicaranlles ás entidades locais beneficiarias, coa antelación suficiente e mediante notificación con acuse de recibo, a data e hora nas que realizarán as preceptivas comprobacións da limpeza das vías provinciais que se establezan na correspondente resolución da Presidencia. No acto de comprobación poderá estar presente un representante do concello ou mancomunidade beneficiaria. A inspección realizada recollerase na oportuna acta, á que se acompañará unha reportaxe fotográfica, e*

*na que se consignarán as observacións que poida formular o representante da entidade local beneficiaria.*

***Oitava.- Xustificación e pago da subvención:***

*1. A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:*

*A.- Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello ou mancomunidade beneficiaria, no que se fagan constar os seguintes extremos:*

*a) Que o servizo de limpeza viaria se prestou efectivamente nun período mínimo de tres meses do ano 2022 e ademais e en todo caso nas datas nas que a Deputación estableceu a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial.*

*b) Se o servizo se prestou por xestión directa, indicárase a identidade do empregado ou empregados públicos designados para a prestación do servizo e o seu réxime de vinculación xurídica coa entidade local.*

*c) Se o servizo se prestou por xestión indirecta, indicárase o contrato administrativo a través do que se prestou, sinalando a súa data de adxudicación, importe e empresa adxudicataria.*

*d) Relación dos custos directos subvencionables de prestación do servizo soportados pola entidade beneficiaria, indicando o seu importe.*

*e) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.*

*B.- Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.*

*2. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2022. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2022 e poderá concederse, como máximo, ata o día 10 de decembro de 2022.*

*No suposto en que non se presente a documentación xustificativa en prazo, non se formulará ningún tipo de requirimento ao respecto, e procederase directamente á declaración da perda do dereito ou reintegro da subvención, logo da audiencia previa da entidade interesada.*

*3. Unha vez presentada a documentación xustificativa, emitírase un informe polo*

*Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, en relación coa corrección da documentación presentada, e polo Servizo de Vías e Obras, no que se determinará se a realización da limpeza das vías provinciais se desenvolveu nas condicións establecidas por resolución da Presidencia.*

*En caso de que o informe do Servizo de Investimentos e Patrimonio sexa desfavorable, requiriráselle á entidade solicitante a emenda da documentación presentada, por prazo de dez días hábiles. Neste mesmo prazo, a entidade local poderá formular as alegacións que estime oportunas ao respecto, se considerase que a documentación achegada é correcta.*

*No caso de que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, daráselle traslado deste informe á entidade beneficiaria, que disporá igualmente dun prazo de dez días hábiles para a formulación de alegacións.*

*Os trámites anteditos refundiranse nun único trámite de audiencia e requirimento de emenda de deficiencias, no caso de que os dous informes sexan desfavorables.*

*4. Concluída a instrución da peza de xustificación, o Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio (previo o informe do Servizo de Vías e Obras respecto das alegacións respecto da limpeza efectuada nas vías provinciais) formulará proposta de resolución á Presidencia.*

*A dia proposta será sometida a fiscalización previa pola Intervención, conforme co previsto nos artigos 214 a 218 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

*A Presidencia resolverá, segundo proceda, nalgún dos sentidos seguintes:*

*a) Declarar totalmente xustificada a subvención, ordenando o seu pagamento ao beneficiario, cando a xustificación se presente correctamente e o informe de Vías e Obras sexa favorable.*

*b) Declarar parcialmente xustificada a subvención, ordenando o pagamento do importe correspondente, e a simultánea declaración de perda parcial do dereito á subvención (ou do reintegro dos pagos anticipados, de ser o caso) nos supostos en que o gasto xustificado sexa inferior á subvención concedida ou cando conste a existencia doutras axudas ou subvencións, públicas ou privadas que, sumadas á subvención provincial, excedan en conxunto do gasto xustificado.*

*c) Declarar a perda total da subvención (e a obriga de reintegro dos pagos anticipados, de ser o caso) nos casos en que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, así como nos casos de ausencia de xustificación ou cando da xustificación*

*presentada se desprenda o incumprimento das condicións establecidas no presente Programa. Excepcionalmente, nos supostos en que do informe desfavorable do Servizo de Vías e Obras se desprenda que o incumprimento da obriga de limpeza das marxes da rede viaria provincial ten un carácter leve, a Presidencia poderá declarar unicamente a perda ou reintegro parcial da subvención, reducindo esta na porcentaxe que se considere axeitada en aplicación do principio de proporcionalidade.*

*5. Sen prexuízo do anterior, poderá realizarse o pago anticipado do 50 % do total estimado da subvención en calquera momento posterior á adhesión ao Programa de cooperación, trala solicitude previa da entidade local beneficiaria. O pagamento anticipado suxeitarase aos requisitos establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).*

*6. Nos supostos en que da acta á que se refire o derradeiro parágrafo da base 7ª se desprenda un incumprimento de carácter substancial e non emendable por parte do beneficiario, a Deputación, sen necesidade de agardar á presentación da xustificación, iniciará o expediente de declaración de perda total ou reintegro da subvención, no que se lle dará audiencia ao interesado.*

*En caso de que o incumprimento advertido teña carácter leve ou sexa emendable, a entidade local beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais para emendar as deficiencias advertidas. Transcorrido o dito prazo, o Servizo de Vías e Obras xirará nova visita de inspección, da que se levantará acta co mesmo contido que na primeira visita. De persistir as deficiencias, a Deputación procederá á apertura do expediente de declaración de perda ou reintegro da subvención, que poderá ter carácter parcial en caso de incumprimentos leves. A declaración de perda parcial non eximirá á entidade local beneficiaria da obriga de presentar a xustificación prevista no apartado 1 desta base con respecto á parte de subvención subsistente.*

*7. A Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións. Cando do informe de control financeiro se deduza a existencia de irregularidade na xustificación, a Deputación incoará o expediente de reintegro que proceda, que se tramitará conforme ao previsto na Lei xeral de subvencións e á súa normativa de desenvolvemento.*

***Novena.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:***

*Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para a mesma finalidade, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % do gasto corrente directo do servizo subvencionado soportado pola entidade local no período mínimo recollido na cláusula primeira. No suposto de que as subvencións percibidas excedan a dita porcentaxe, a subvención reducirase ata acadar o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pagamento da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro.*

*Estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.*

***Décima.- Normativa aplicable:***

*De conformidade co establecido na Disposición Adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, as subvencións incluídas neste programa de cooperación réxense polas súas normas específicas. A Lei xeral de subvencións e as súas normas complementarias e de desenvolvemento serán de aplicación supletoria, agás naqueles casos en que as presentes bases remitan ás ditas normas, en que serán de aplicación directa.*

*En todo caso, será de aplicación a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.*

**ANEXO I**

**MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN**

*Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2022, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:*

*1º) Aprobar a adhesión do Concello / da Mancomunidade de \_\_\_\_\_ ao Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2022, solicitando a concesión dunha subvención por importe de 4.500 euros (no caso de solicitar un importe inferior, indíquese expresamente neste apartado a cifra solicitada).*

*2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación,*

comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.

3º) Declarar que o Concello/ a Mancomunidade de \_\_\_\_\_ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

**ANEXO II  
DECLARACIÓN AXUDAS**

Don/Dona \_\_\_\_\_, alcalde/sa do Concello/presidente Mancomunidade de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_,

**DECLARA**

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión*	Contía

\*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase “pendente” na columna.

No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

*Asdo.:* \_\_\_\_\_

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**14º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2021, RELATIVA Á INCORPORACIÓN DE OBRAS NO PLAN PRINCIPAL DA REDE VIARIA PROVINCIAL.**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para indicar que o voto do seu grupo vai ser favorable ao entender que se trata dunha cuestión técnica e que este foi o criterio para priorizar as actuacións na rede viaria provincial.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Señala que aínda que se trata dunha proposta do Servizo de Infraestruturas, vai supoñer un investimento de preto de 414.000,00 € que obtén o seu financiamento das baixas producidas na licitación das anteriores trece obras por procedemento aberto. É dicir, este remanente supón que agora a Deputación poida facer estas actuacións de urxencia, o que amosa o que xa denunciou este Grupo Socialista diante do Consello de Constatas, que a licitación por procedemento aberto e non por contratación a dedo, ao xerar competencia entre as empresas, permite que se dean estes

remanentes e parte do investimento reverta na Deputación para poder executar novas obras. Por esta razón o voto do seu grupo será o da abstención.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Indica que efectivamente se trata dunha proposta técnica, engadindo que lle chama a atención que o Grupo Socialista indique que todo se fixo ben, que agora se fai ben, pero que non van apoiar a proposta e se van abster neste punto.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que a razón da súa abstención é que moitas das obras seguen a adxudicarse a dedo e sen procedemento con concorrencia pública.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e da/do deputada/o non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2021, consistente na incorporación das seguintes obras ao plan principal da rede viaria provincial de 2021, con cargo a remanentes, obtidos por baixas na adxudicación de obras:

a) “Reforzo de firme na *OU-0568 Rúa Quintián - Alejandro Pedrosa (OU-0526)*, pq 0+120 e 1+080”, no termo municipal de Ourense, cun investimento de 95.508,72 €, co número 126/POS/2021.

b) “Instalación de barreiras de seguridade na *OU-0605 Pedra do Sol (OU-0606) - Parada de Sil (OU-604)*, pq 3+000 e 4+183”, no termo municipal da Teixeira, cun investimento de 48.201,58 €, co número 127/POS/2021.

c) “Sinalización de vías preferentes para ciclistas e substitución de fitos quilométricos na zona oeste”, nos termos municipais de Pereiro de Aguiar, Nogueira de Ramuín, Maceda, Baños de Molgas e Vilar de Barrio, cun investimento de 44.838,57 €, co número 128/POS/2021.

d) “Limpeza de foxos nas estradas *OU-0515 Pereiras (OU-0102) a Taboadela (OU-320)*, pq 0+400 a 4+000 e *OU-0603 Vilariño Frio (OU-536) - Montederramo (OU-0602) pq0+150 a 10+050*”, nos termos municipais de Taboadela e Montederramo, cun investimento de 47.951,91 €, co número 129/POS/2021.

e) “Aplicación de microaglomerado na *OU-1108 Baltar (OU-304) - Cualedro (OU-1020)*, pq 0+000 a 1+780, pq 11+200 a 11+400 e p.q.19+000 a 19+300”, no termo municipal de Baltar, cun investimento de 48.161,47 €, co número 130/POS/2021.

f) “Formigonado de foxos tipo “VER” na OU-1212 e na OU-1202”, termos municipais de Lobios, Entrimo e Muíños, cun investimento de 47.332,39 €, co número 131/POS/2021.

g) “Realización de obras de drenaxe na *OU-1104 Vila de Rei (N-525) - Vilar de Barrio, pq 2+900 a 3+100*”, termo municipal de Trasmiras, cun investimento de 9.791,31 €, co número 132/POS/2021.

**2º.- Someter a dita aprobación ao trámite de información pública**, mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, polo prazo de dez (10) días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente aprobada de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**15º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO, LA AXENCIA TURISMO DE GALICIA Y LA DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA LA EJECUCIÓN DEL "PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURÍSTICA EN OURENSE TERMAL"**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para felicitar ao grupo de goberno por ter conseguido este convenio que só pode traer cousas boas para a provincia e para a veciñanza.

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Comeza sinalando cales son os fins propios e específicos da provincia na lexislación de réxime local vixente. Engade que a doutrina do TC ten ademais insistido no papel das deputacións, na súa condición de corporación de corporacións, como garante dos concellos a través da prestación de asistencia técnica, xurídica e económica a todos eles. Neste marco indica que das partidas destinadas a cooperación cos concellos do orzamento desta Deputación, unha terceira parte distribúese a través de subvencións nominativas, polo que entende que non se cumpren os fins e finalidades das deputacións, insistindo en que é necesaria esa normativa propia da Deputación que garanta un reparto con criterios obxectivos e equitativos entre todos os municipios que integran a nosa provincia.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza a súa intervención aludindo á referencia que se fixo á Deputación de Pontevedra, para matizar que o convenio co concello de Vigo é de carácter plurianual e que en todo caso o plan de obras e servizos para os concellos desa provincia está dotado con corenta e dous millóns e medio de euros, o que amosa a diferenza significativa co previsto no orzamento da Deputación de Ourense. Lembra que o grupo do BNG postula que a figura das deputacións deberan desaparecer, xa que non teñen sentido coa presenza das CCAA e que a solución debería ir por esa vía. Sinala que o grupo do BNG vai votar a favor das propostas de acordo que figuran na moción, pedindo que se acepten as súas propostas de adición, consistentes en instar ao Goberno central e á Federación Española de Municipios e Provincias a que asuman para Galiza os criterios obxectivos e equitativos de distribución dos fondos públicos das deputacións

provinciais entre os municipios que estableceu a FEGAMP, instar á Xunta de Galiza a que cando menos o 60% dos fondos que transfere aos concellos galegos sexan incluídos no Fondo de Cooperación Local e distribuídos conforme cos criterios obxectivos acordados coa FEGAMP e instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galiza a que o importe que reciban as administracións locais chegue cando menos ao 25% dos impostos recadados. Por último lembra a importancia da dotación económica das novas competencias municipais, indicando que debера ser preceptivo que cando se lles traspase aos concellos unha competencia ou función, esta vaia acompañada da correspondente partida orzamentaria para o seu financiamento, non como pasa na actualidade, onde tanto Estado como Xunta de Galicia non cumpren con esta obriga de financiamento municipal. Remata indicando que esta Deputación debe mudar o seu criterio de reparto de fondos entre os concellos da provincia, como xa ten reivindicado todos estes anos o grupo do BNG.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza a súa intervención facendo referencia ás diferentes datas nas que se ten debatido neste pleno o famoso plan único que reivindicamos para a Deputación de Ourense os grupos do PS de G-PSOE e do BNG, adiantando que seguramente esta tampouco será a última. Indica que proposta da moción socialista pretende deixar ás diferentes deputacións sen marxe de manobra e regular absolutamente todo e sen ter en conta as peculiaridades e singularidades de cada parte do territorio e a autonomía das entidades locais, co máximo control das institucións e converter ás deputacións en meras repartidoras de cartos para logo eliminalas da nosa estrutura administrativa. Pregunta se isto suporía que logo tamén se lles vai impoñer aos concellos a que deben dedicar os seus orzamentos municipais, insistindo en que as deputacións tamén deben ter autonomía para decidir o destino dos seus propios orzamentos. Seguidamente pregunta, xa que a moción reclama un reparto xusto e equitativo, se esta equidade e xustiza se dan nos orzamentos xerais do Estado, no que se premia aos socios de goberno do señor Pedro Sánchez, ou no reparto dos fondos Next Generation, ou no reparto de fondos que fai a CH do Miño-Sil. Remata indicando que o Grupo Popular, polo exposto, vai rexeitar esta proposta e as emendas de adición formuladas polos grupos socialista e do BNG.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que un dos obxectivos da súa moción xa se consegue co debate público desta cuestión, que deixa moi claro o posicionamento dos diferentes grupos e a forma de gobernar as institucións que teñen

uns e outros. En todo caso sinala que o debate debe centrarse nas deputacións provinciais, e non é extrapolable a outras AAPP ben diferentes. Sinala que o grupo de goberno popular desta Deputación cae na tentación do emprego dos fondos con fins clientelares e electorais, tendo as subvencións nominativas como a forma común de actuar na súa acción de fomento e de asistencia económica aos concellos. Seguidamente indica que os datos son teimudos, e reflicten que máis da metade da veciñanza da provincia, con gobernos socialista nos seus concellos, non reciben cartos a través da discrecionalidade das subvencións nominativas que emprega o grupo de goberno da Deputación de Ourense. Por último insiste na necesaria democratización das deputacións, especialmente da de Ourense, e pídelle ao Grupo Popular que non sexa teimudo e mude a posición neste asunto, porque o Grupo Socialista non deixará de reclamar os dereitos de todos os concellos e de toda a veciñanza da provincia.

- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Sinala, sobre as emendas de adición do BNG, que ten dúbidas sobre a petición de establecemento de criterios normativos para o Estado previsto no punto tres, pero que en todo caso apoiará a emenda por estar a favor dos puntos catro e cinco dela.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza agradecendo a toma en consideración da súa emenda polo Grupo Socialista e o deputado non adscrito, pasando a dar unha breve explicación sobre o seu contido. A continuación sinala que este tema evidentemente xa foi amplamente debatido neste pleno, pero que a oposición non vai deixar de aspirar a que este reparto así se faga, aspiración que curiosamente comparte o Partido Popular noutras deputacións como a de Lugo, pero parece que non na de Ourense.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza apuntando que, sobre os contratos menores, fai súa a reflexión da deputada Monteserrat Lama, e sobre as mocións de censura que se citan na moción, igualmente xa o dixo toda esta deputada co intento de censura que instou o Grupo Socialista da Deputación, onde unha vez máis quedaron retratados. Sobre a referencia ás porcentaxes de concellos que perciben subvencións nominativas, pídelle ao voceiro socialista que non faga uso dun acordo puntual dun pleno, senón que recolla as de todo o exercicio e tamén os plans e programas de cooperación da Deputación. Remata indicando que este tema xa foi amplamente tratado neste pleno, e que en todo caso non quere deixar pasar a referencia da moción á falla de lexitimidade democrática das deputacións, indicando que estas teñen una lexitimidade moi clara na lexislación vixente e cun sufraxio indirecto en segundo grao.

- quenda de peche Rodríguez-Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Para concluír sinala que o grupo de goberno desta Deputación sería irrelevante senón estivese o Grupo Socialista na oposición dándolle un pouco de cancha, indicándolle que o señor Baltar se aferra como faga falla ao goberno provincial, como amosa coa súa política no concello de Ourense. Por último pídlle ao grupo de goberno que se absteña na votación deste asunto para ser por unha vez útil a esta provincia, pedindo que entre todos poidamos mudar esta situación, e que en Ourense todos sexamos iguais con independencia da cor política do concello no que esteamos vivindo. O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do deputado non adscrito, o voto en contra do Grupo Popular (12) e de DO (1) e a abstención da deputada non adscrita (ausente neste momento) e do Grupo Socialista (9).

A continuación sométese a votación a moción orixinal presentada, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado non adscrito, o voto en contra do Grupo Popular (12) e de DO (1) e a abstención da deputada non adscrita (ausente neste momento).

### **17º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADELA.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución á moción, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): En 2006, o goberno da Xunta de Galicia presidido polo socialista, Emilio Pérez Touriño, nunha aposta inédita por Ourense e polo reequilibrio territorial co interior de Galicia, aprobou o ‘Plan Territorial Integrado do Val da Rabeda’, un proxecto urbanístico integral deseñado polo arquitecto Cesar Portela que permitiría crear, nos concellos de Taboadela e Paderne de Allariz, ao lado mesmo do cinto industrial da cidade de Ourense, novos espazos industriais, empresariais, dotacionais e

vivendas. O proxecto foi collendo forma ata tal punto que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), adquiriu unha parte relevante dos terreos onde se asentarían distintas actuacións, sumando dous millóns de metros cadrados en ambos municipios. O goberno autonómico aínda presidido por Pérez Touriño, consignou nos orzamentos para o ano 2009, unha partida de 14 millóns de euros, co fin de comezar a desenvolver algunhas das actuacións contempladas naquel plan. A chegada do PP ao goberno da Xunta en 2009, implicou un rotundo e negativo cambio de criterio no referente á execución orzamentaria. A partida prevista non foi executada e os 14 millóns de euros orzados para estes municipios ourensáns, pasaron a engordar partidas noutras provincias de Galicia que eran máis prioritarias para o PP. Tres lustros despois, eses dous millóns de metros cadrados están completamente abandonados a pesar de que ese gran volume de superficie segue a ser de titularidade pública autonómica, pero sen uso algún. En abril do ano 2010, o PP materializa outra gran labazada contra Ourense, cando o Consello de Goberno da Xunta acorda “desistir” do ‘Plan territorial integrado do Val da Rabeda’. No seu lugar, o executivo de Núñez Feijóo redimensiona á baixa a proposta para o Val da Rabeda, volatilizando o proxecto de Portela, pasando a ser dous parques sectoriais individuais denominados ‘Parque empresarial de Taboadela’ e ‘Campus Industrial de Paderne de Allariz’. Desde aquela decisión de Núñez Feijóo, hai máis dunha década, eses terreos están improditivos e sen uso. Ademais, a administración debe gastar fondos públicos ano tras ano para controlar a biomasa, por mor da perigosidade de verse afectados polo lume. No PSdeG-PSOE sabemos que a Xunta está a redactar actualmente un proxecto sectorial para a área empresarial e industrial de 1.129.596 metros cadrados localizada en Paderne de Allariz. Tamén nos consta que, doce anos despois, non hai intención algunha de desenvolver actuacións na área industrial planificada en terreos de Taboadela. No caso deste polígono ideado para Taboadela, estamos a falar de 1.220.000 metros cadrados de solo –moi produtivo ata hai pouco– sen grandes accidentes xeográficos, o que facilita a súa urbanización. Tamén están magnificamente situados: a escasa distancia dos outros polígonos industriais existentes; a carón da estación de ferrocarril e con comunicación directa coas autovías A-52, AG-31 e a estrada N-525. Desde o PSdeG-PSOE creemos que, unha vez descartada calquera tipo de intervención da Xunta de Galicia a curto ou medio prazo para a súa execución, ábrese unha interesante fiestra de oportunidade para que sexa a Deputación de Ourense quen asuma a titularidade destes terreos, para poder desenvolver

algún dos proxectos estratéxicos para a comarca e, por alcance, para toda a provincia. As posibilidades non só se limitarían o desenvolvemento industrial, senón que se poderían contemplar ámbitos tan diversos como o medioambiental, agropecuario, cultural, deportivo, lúdico ou forestal, considerando os seguintes criterios base: Establecer unha estratexia de ocupación do territorio onde convivan infraestruturas e usos produtivos coa estrutura agraria actual, mediante a definición física necesaria para ser soporte destas actividades, partindo da potencialidade dos elementos estruturais do territorio. Ampliación do solo produtivo, introducindo infraestruturas necesarias para a súa creación, incorporando aspectos para desenvolvealas, potenciais e integrais no medio. Consideración dun área de intervención extensa para incidir sobre o conxunto do territorio, evitando producir un desenvolvemento concentrado, e polo tanto, desequilibrado. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: Solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e á Xunta de Galicia a transferencia a Deputación Provincial de Ourense dos terreos que conformarían o denominado ‘Parque Empresarial de Taboadela’, para desenvolver proxectos estratéxicos para a provincia de Ourense.

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Comeza sinalando que concorda coas ideas que se formulan na moción para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos para a provincia, se ben ten algunha dúbida coa forma de levar isto a cabo que expón a moción. Engade que se trata dunha cantidade de terreos cuxo mantemento sería moi gravoso para esta Deputación, e que o máis axeitado sería expoñer proxectos concretos para implantar neles e posteriormente decidir sobre a forma de xestión na que si poderían intervir varias administracións, incluída esta Deputación. Polo indicado sinala que se absterá na votación deste asunto.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Lembra que xa na comisión informativa amosaron as súas dúbidas sobre as propostas de acordo da moción, indicando que isto lle lembra a Urbaourense 2, sociedade que ten a Deputación en liquidación desde hai anos e non consegue liquidar. Neste sentido indica que ao mellor podía ser o propio concello o que solicite a cesión deses terreos para os usos que considere. Sobre a emenda de modificación do Grupo Popular, entende que se trata dun brinde ao sol, xa que se leva facendo en reiteradas ocasións e sen ningún éxito. Remata indicando que o seu grupo fará unha abstención cautelosa neste asunto.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza indicando que este grupo xa presentou hai anos unha moción sobre este asunto neste mesmo pleno, xa que é obvio que eses terreos públicos deberan estar aproveitados, se ben coincidindo co que xa se dixo aquí, non ve realista a transferencias dos terreos a esta Deputación, pero que debe ser a Xunta de Galicia, como titular dos terreos, a que leve a cabo o desenvolvemento e aproveitamento destes terreos. Igualmente lanza a idea de que sexa o Goberno central o que a través dalgún organismo ou ministerio se faga cargo do seu desenvolvemento. Por último indica que lle parece máis razoable e emenda de modificación do Grupo Popular, razón pola que votará a favor dela.

- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Comeza indicando que a proposta de acordo da moción do Grupo Socialista si que é un auténtico brinde ao sol, xa que debe ser a administración competente a que se faga cargo e desenvolva os referidos terreos, e de aí a emenda de substitución que presenta o Grupo Popular non sentido de solicitarlle ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e á Xunta de Galicia que nos terreos que conformarían o denominado "Parque empresarial de Taboadela", desenvolvan proxectos estratéxicos para a provincia de Ourense. Sinala que isto mesmo que propón o Grupo Popular xa se mantivo nas anteriores ocasións que este asunto veu a este pleno, e que a actuación debe solicitárselle ao titular do terreo. Indica que este proxecto, que naceu no ano 2006, o fixo con pes de barro, e que non tivo en conta as numerosas afeccións dos terreos. Engade que actualmente a Xunta está traballando no desenvolvemento do parque empresarial de Paderne de Allariz. Remata indicando a coherencia do seu grupo, que mantén as mesmas propostas de acordo sobre este asunto cando isto se trae ao pleno.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que lle queda claro unha escoitadas as intervencións dos grupos, que baixamos os brazos outra vez. O PP e DO indican que ou Taboadela ou Madrid, pero a Deputación nin está nin se lle espera e non ten ningunha intención de facer nada con eses terreos. Engade que o presidente do INORDE podería facer moitas propostas e proxectos nestes terreos, pero non hai ningunha vontade. Engade que isto demostra unha vez máis que a Deputación si que fai un brinde ao sol e non é capaz e non ten proposta ningunha para mellorar a provincia a través desta infraestrutura, o que amosa claramente a incompetencia desta institución.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Indica que a reivindicación do deputado Álvaro Vila lle parece xusta como alcalde, pero non como deputado provincial, e que esas reivindicacións como alcalde deben dirixírselle á Xunta de Galicia ou ao goberno do Estado. Polo indicado sinala que lle parece moi acaída a emenda do Grupo Popular, polo que votará a favor dela e en contra da moción orixinal do Grupo Socialista.
- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Entende que os terreos que se sinalan na moción serían un luxo que non se podería permitir esta Deputación, sen prexuízo de instar ás AAPP competentes e con capacidade para que desenvolvan esa área, e sen prexuízo de que a Deputación poida colaborar captando proxectos para desenvolver nesa zona.
- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que en todo caso debe centrarse o debate na moción do Grupo Socialista, e a partir de aí, entende que o procedemento previsto na moción non parece o máis idóneo, e que os terreos deben seguir sendo do IGVS. Polo indicado sinala que o seu grupo se vai abster na votación deste asunto.
- 2ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Intervén para sinalar que a Deputación evidentemente non é a responsable de que o goberno socialista na Xunta no ano 2006 adquirise uns terreos con importantes afeccións sectoriais e que fan moi difícil e complexo o seu desenvolvemento.
- quenda de peche Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza resumindo que todos parecemos recoñecer a incapacidade da Deputación para xestionar eses terreos e desenvolver proxectos estratéxicos neles, cuestión que lle sorprende. Sobre a emenda do Grupo Popular indica que novamente se volve desvirtuar a moción orixinal con esta emenda, e aventura que dentro duns anos volverá traerse a este pleno unha moción en termos similares.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución do Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita, e o voto en contra do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado non adscrito (1).

A continuación sométese a votación a moción orixinal presentada, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do BNG (1) e do deputado non adscrito.

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Solicitarlles ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e á Xunta de Galicia que nos terreos que conformarían o denominado “Parque empresarial de Taboadela”, desenvolvan proxecto estratéxicos para a provincia de Ourense.

### **18º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): A Xunta de Galiza está a tramitar un novo Anteproxecto de Lei de mellora do ciclo da auga. Este novo texto vén despois do seu fracaso ao intentar impoñer a coñecida como SOGAMA da auga no ano 2019. O obxectivo deste anteproxecto de lei afástase moito do seu título, xa que nada do seu contido supón ningunha intervención na mellora da xestión do ciclo da auga por parte da Xunta de Galiza. Os obxectivos reais do mesmo poden resumirse en dous: incrementar de xeito importante a carga fiscal da Xunta en relación ao ciclo da auga aos Concellos, ás entidades de xestión da auga e ás usuarias domésticas e asimilábeis, e derivar nas entidades locais, Concellos e Deputacións, as súas obrigas e competencias. Desde a súa chegada á presidencia da Xunta en 2009 a actuación do goberno do PP en relación coa xestión integral do ciclo da auga caracterizouse pola ausencia de planificación e programación. Galiza non ten elaborado nesta altura de 2021 ningún plan de xestión integral do ciclo da auga no ámbito das competencias galegas. O goberno presidido polo Sr. Feijoo nin tan sequera cumpre coas obrigas legais establecidas en leis elaboradas por el mesmo. Así, non está elaborado o plan xeral de abastecemento nin o plan xeral de saneamento, pendentes desde a aprobación da Lei de augas en 2010. Na responsabilidade da Xunta de rexeneración e saneamento integral das rías non se avanzou nada, estando a día de hoxe pendente de sancións

da UE por incumprimento reiterado das súas obrigas en materia de depuración. No ano 2013 a Xunta asinou coa FEGAMP o Pacto Local da Auga que tiña como finalidades establecer os criterios tarifarios e de planificación hidráulica cos concellos, facendo referencia ao reparto dos fondos derivados dos ingresos polo canon da auga. Hoxe en día está todo por facer ou incumplido no referente a este Pacto da Auga, mentres a Xunta segue a impoñer impostos, taxas e obrigas aos concellos. A precaria situación da planificación e xestión da depuración por parte de Augas de Galiza fai que agora pretendan devolverlle esa responsabilidade aos concellos (20 anos despois de declárala de interese xeral), utilizando a modificación e elaboración de novos marcos legais para esquivar as súas obrigas. Mesmo usando mecanismos de presión impropios dun goberno democrático, aqueles concellos que non acepten as condicións da Xunta non participarán dos investimentos en obras hidráulicas. Nos últimos doce anos a Xunta de Galiza non ten dado ningún paso para ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego. A mellora e xestión efectiva do ciclo da auga en Galiza precisa dun impulso real a ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego e non só sobre a bacía de Galiza-costa, xa que o resto do sistema é de competencia estatal. Este Anteproxecto de Lei pretende incrementar o recadado polo canon da auga coa súa modificación establecendo unha nova cota e sancionando polas perdas nas redes de abastecemento ás entidades titulares. E fai isto sen que por parte da Xunta se teña avanzado na planificación do abastecemento. Como se se tratase dunha broma pesada faino nun ano no que vimos como as empresas eléctricas baleiraban impunemente os encoros galegos para lucrarse da nosa auga. O incremento do canon da auga como procedemento sancionador non é o único tributo que incrementa a Xunta. Así, transforma o coeficiente de vertedura en dous novos tributos: o canon de depuración e o canon de colectores. Incrementa o canon de depuración na fórmula de cálculo e introduce a obrigatoriedade de pago dos Concellos do canon de depuración pola auga da chuvia. Despois de anos de nula xestión por parte do goberno galego do sistema de depuración e da escasa colaboración cos Concellos na mellora da rede de saneamento, pretende obrigar aos municipios a pagar pola depuración da auga da chuvia nas edares que xestiona a Xunta. Con estes tres cambios fiscais: canon da auga, canon de depuración e canon de colectores a Xunta multiplica por tres a

carga fiscal actual pola xestión do ciclo da auga sen que isto supoña ningunha mellora na súa xestión por parte do goberno galego. O anteproxecto introduce a creación por parte da Xunta de aglomeracións urbanas para depuración, establecendo unha serie de obrigas de planificación e control, sen ningunha obriga para a Xunta e sen ningunha capacidade de decisión para as entidades locais integrantes. Novamente a Xunta substitúe a súa ausencia de planificación pola recarga de novas obrigas sobre os Concellos e ameazas de procedementos sancionadores para os mesmos. Introduce condicións de financiamento e colaboración coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento arbitrarias, sen ter base nun estudo da realidade da xestión do ciclo da auga, sen ter en conta a capacidade económica dos municipios e sen incluír o esforzo orzamentario que levan feito os concellos nesta materia. Ademais, invade competencias doutras administracións ao pretender establecer mediante lei un sistema de financiamento a terzos (Deputacións, Concellos e Xunta) das infraestruturas hidráulicas nos concellos de menos de 20.000 habitantes. Cómpre lembrar que nos últimos anos a Xunta estivo recibindo fondos europeos para saneamento e depuración que foi incapaz de xestionar adecuadamente e que distribuíu no territorio de forma arbitraria e sen ningunha planificación que soportase os criterios de investimento. O anteproxecto tamén introduce un canon de abastecemento para aquelas infraestruturas de abastecemento que xestiona a Xunta. Novamente este canon non está acompañado de ningún estudo de costes e supón un importante incremento sobre o custe actual. A Xunta segue a introducir taxas nunha Lei evitando desta forma a capacidade de introducir cambios ou acordos por parte das entidades ás que presta o servizo. Hai no Anteproxecto de Lei unha confusión interesada entre convenio e relación contractual pola prestación dun servizo que terían os Concellos con Augas de Galicia como entidade empresarial. A falta de interese por parte da Xunta de chegar a unha axeitada xestión do ciclo da auga tamén se pon de manifesto polo feito de ter exposto a suxestións este Anteproxecto de Lei durante o verán, conscientes das dificultades dos Concellos para estudalo nesa época e da sociedade en xeral para poder coñecelo. Un interese real por resolver un problema tan grave para Galiza como a xestión do ciclo da auga precisa dunha actuación con altura de miras, con visión de país e con medidas reais para implicar a todos os actores involucrados na súa solución: Xunta, Entidades locais, comunidades de

Augas, empresas, movemento asociativo e persoas usuarias... Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos: Instar á Xunta de Galiza á paralización da tramitación do Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga e á elaboración dunha planificación integral da xestión do ciclo da auga en Galiza, abrir un marco de negociación con todas as entidades implicadas na xestión do ciclo da auga para a elaboración desta planificación e instar á Xunta de Galiza a reclamar do Estado a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico na Galiza.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para sinalar que nesta materia a Deputación non ten competencia ningunha e que o seu foro de debate debe ser o Parlamento de Galicia. Remata sinalando o seu voto en contra desta moción.

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Indica que na súa opinión si é unha cuestión que debe debaterse neste foro, xa que se trata dunha lei que afecta e moito aos concellos. Engade estar de acordo coas propostas de acordo da moción e coa maior parte da exposición de motivos dela, razón pola que a vai apoiar.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Indica que este anteproxecto normativo atenta contra a autonomía local e polo tanto debe ser tratado neste pleno provincial, xa que os concellos de Ourense van ser os máis prexudicados polas obrigas que se lle impoñen e o incremento da presión fiscal. Este anteproxecto tramítase sen diálogo e cunha clara imposición dun modelo por parte do goberno da Xunta de Galicia. Sobre as propostas de acordo indican estar de acordo coas dúas primeiras, pero non coa terceira, xa que a consideran incongruente. A continuación sinala que a política de subvencións neste punto por parte de Augas de Galicia deixa moito que desexar e remata pedindo a votación separada dos puntos que integran a moción.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza indicando que a realidade nada ou pouco ten que ver co que expón a moción do BNG. Sinala que este anteproxecto de lei divide a taxa en tres partes tal e como marca a normativa comunitaria, pero non existe tal incremento. Engade que as deputacións poden participar no cofinanciamento das infraestruturas, pero non mediante imposición legal, tal e como reflicte o anteproxecto, razón pola cal, e por outras consideracións técnicas, esta Deputación presentou alegacións á

tramitación desta norma, das que pasa a dar lectura, e que aluden a unha posible vulneración da autonomía provincial.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que a presentación de alegacións pola propia Deputación xa xustifica por si só o debate deste anteproxecto neste pleno provincial. Sinala que os datos que se indican na moción non foron desmentidos polos técnicos da Xunta de Galicia e saen dos estudos dos técnicos da FEGAMP. Por outra banda, e sobre o punto terceiro ao que alude o Grupo Socialista, sería algo clarificador e melloraría a depuración de responsabilidades e nun tema no que parece moi lóxico que a CA asuma as competencias, razón pola que indica que manterá a votación dos tres puntos incluídos na moción.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Insiste en que ao tratarse dunha competencia impropia da Deputación non debe ser debatida neste foro e si no Parlamento de Galicia, onde os grupos desta Deputación tamén teñen lexítimos representantes. Engade que lle resulta gracioso que o Grupo Socialista fale de afán recadatorio cando temos un goberno que está a sobrepasar todos os límites coñecidos neste punto.

- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Sinala que este proxecto de lei foi remitido a todos os concellos e deputacións, razón que amosa a importancia deste debate neste pleno por ser un asunto de moita importancia para as EELL da provincia.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para indicarlle á deputada non adscrita que non intente desviar o debate, como xa fixo noutros asuntos, falando dos orzamentos xerais do estado, que nada teñen que ver co que estamos a debater. Engade que esta norma vai supoñer unha suba das taxas e que rexeitar esta moción supón apoiar esta suba e apoiar a falla de diálogo da Xunta de Galicia.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Sinala e pon en valor todo o traballo de colaboración e cooperación que ten realizado esta Deputación en materia do ciclo da auga, onde cada concello pode adherirse a todas as asistencias técnicas que precise, as cales se van incrementando en número cada ano.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Conclúe indicando que o Grupo Popular vai votar en contra desta moción, pero non fai unha gran defensa do goberno galego neste ámbito. Insiste en que estas propostas de acordo afectan e moito aos servizos e competencias dos concellos e da deputación, razón pola que insiste na súa necesaria aprobación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 18º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 18º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do deputado non adscrito, o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9).

**19º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** O Sr. presidente anuncia que tal e como tratou cos portavoces dos grupos da Corporación, e logo da declaración da urxencia por unanimidade, trátase o seguinte asunto:

**19ª.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O MÁSTER DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA NO CAMPUS DE OURENSE**

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo: Aprobar a seguinte declaración institucional da Corporación Provincial de Ourense:

As universidades de Vigo e da Coruña levan preto de dous anos traballando na posibilidade de que o Máster en Enxeñaría Aeronáutica sexa compartido entre as dúas institucións académicas como título interuniversitario. O dito traballo non ten dado os froitos apetecidos e o máster non está implantado aínda. Deste xeito, as dúas primeiras promocións de graduados/as do único título que dá acceso ao máster, o grao en Enxeñaría Aeroespacial do Campus de Ourense, téñense visto obrigadas a abandonar a nosa comunidade autónoma para continuar a súa formación académica. E segundo as nosas informacións, a situación actual é, como ten sido desde o principio, que as esixencias da Escola de Camiños da Coruña non permiten nin sequera comezar a elaborar o plan de estudos do título. Isto afecta potencialmente á terceira promoción, xa que o calendario oficial impón o vindeiro 15 de novembro como data límite para iniciar o proceso de verificación das titulacións que se desexen ofertar na primavera de 2022, para ser cursadas en setembro dese mesmo ano. A única solución realista nestes momentos para esta terceira promoción é recuperar a fórmula de máster exclusivo, amplamente reivindicada desde Ourense en 2019 e para a que existe un plan de estudos aprobado daquela polo Consello de Goberno e o Consello Social da Universidade de Vigo. Non se trata de discutir se é máis axeitado un máster interuniversitario

ou un exclusivo, senón de explorar a única vía para a que actualmente existe un plan de estudos que permite continuar coa tramitación do título para que así lles poida ser ofertado aos estudantes da terceira promoción. Por todo o exposto instamos á Xunta de Galicia a que emita un informe previo de envío á verificación favorable para un Máster Exclusivo en Enxeñaría Aeronáutica no Campus de Ourense antes da data límite do vindeiro 15 de novembro.

## **20.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de setembro de 2021.

Os membros da Corporación quedan informados.

## **21º.- ROGOS E PREGUNTAS:**

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre a colaboración económica desta Deputación no evento denominado Rallye Hispania, e que non foi autorizado e non se celebrou por carecer de permisos.

A Presidencia contesta que se reuniu cos promotores deste evento e se ofreceu o apoio económico desta institución no caso de celebrarse. Na data 04.10.2021 os organizadores comunicaron a non celebración da proba polo que a resposta é que a Deputación non colaborou economicamente con esta proba.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre o acordo do pleno do mes de xullo de instar á Xunta de Galicia a dar traslado do proxecto de albergue que se está executando na contorna do Mosteiro de Oseira para poder ser avaliado. Pregunta se o dito proxecto foi remitido.

A Presidencia indica que a Xunta indicou que o proxecto está dispoñible para a súa consulta na plataforma de contratos públicos de Galicia.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta onde se atopan localizados os trofeos do desaparecido Club Deportivo Ourense que foran adquiridos por esta Deputación. Engade o

rogo de que se teñan en conta na remodelación do estadio do Couto e que exista un espazo expositivo para isto.

A Presidencia indica que se atopan nunha sala do Pazo dos Deportes Paco Paz e que se espera poder trasladalos a un espazo no campo de fútbol do Couto unha vez remodelado.

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre o convenio coa Consellería de Medio Rural para distribución de tractores entre os concellos da provincia, se existe xa a relación de beneficiarios para o ano 2022.

A Presidencia sinala que existe a relación de concellos solicitantes e que se está a espera de que a Xunta probe os seus orzamentos para saber a cantidade coa que se conta e así firmar o convenio correspondente.

- Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre o deterioro nos derradeiros meses da zona exterior termal no río Caldo en Lobios, que debería ser xunto co balneario un impulso turístico para a zona. Esta situación agrávase co anuncio do peche do balneario de Lobios incumprindo o asinado no acordo de cesión do balneario. Pregunta cal é o motivo deste peche, que medidas adoptará a Deputación xa que se trata dun establecemento incluído no programa de termalismo provincial, trata esta cuestión o presidente nos eventos termais aos que asiste.

A Presidencia sinala que se trata dun peche por decisión da empresa, motivado, segundo informan, por non ter constancia a data de hoxe da posta en marcha do programa do IMSERSO, que cofinanciaba 2.700 prazas balnearias na nosa provincia e que fai inviable que poida permanecer aberto o dito establecemento senón se reactiva o dito programa.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre unha obra executada por esta Deputación no concello de Rubiá que no cartel se denominaba “Acondicionamento de espazos públicos e parques infantís en Rubiá, Robledo e Oulego”, núm 75/POS/2020. No proxecto a obra denominouse “Acondicionamento de espazos públicos e parques infantís en Rubiá e Robledo”, e localizábase o parque infantil de Robledo a carón da estrada OU-622. Unha vez rematadas as obras fíxose o parque de Rubiá na zona de Valdesobreira, non se fixo o de Robledo e colocáronse uns aparellos biosaudables en Oulego. Pregunta porque se publicitan as obras en tres pobos e só se proxectan en dous, porque só se executa o de Rubiá e non o de Robledo e porque se substitúe este polos aparellos biosaudables.

O Sr. presidente dá lectura a un informe do director das obras no que se indica que a denominación da obra ven determinada pola solicitude de inclusión das obras do POS

formulada polo concello, se ben o seu importe só permitiu proxectar as obras en Rubiá e Robledo. Engade que as obras do parque infantil de Robledo non se puideron executar pola oposición dos veciños e veciñas do dito núcleo e que non se substituíu este polos aparellos biosaudables. Remata indicando que se redactou unha acta de conformidade en data 04.12.2020 que contempla o anteriormente sinalado.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 21º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 21º](#)

### **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url -  
<http://depourense.seneca.tv/s/Ye52jkNsGvqtE7iInulmwjnGEMPxVQZmfFoNINQCHA3NAchx.wmv>  
SHA512 -  
daa92bdd277e855f58448187c14511991385bdf693f248588c0b62c3a2c1d79d8c41869  
e6a5acc39726174eb7b386dee47b55230f5abcddb329d5d8f6014bca8

E, ás 14.50 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

